

Albela

REVISTA CULTURAL DE APELÓN EDUCACIÓN · Nº 4 · 2022



MARRACO · SIMÓN GARCÍA EN CLAVE DE FA

SAN VITORIO (FRANZA) ALGO MÁIS QUE UNHA RÚA · CHEDAS

UNHA HISTORIA DO ROCK EN BEZOUÇOS

POR EL CAMINO DE MODESTO · BALIZA «CASTELO DA PALMA»

MUGARDOS 2030: A NECESIDADE DE CONSTRUIR UNHA PAISAXE FUTURA

LA PINTORA · ATEA · LAVAR LÁVASE COAS MANS · LEVA-SE DENTRO



ASOCIACIÓN CULTURAL
APELÓN EDUCACIÓN



PRESIDENTA

Gabriela Sánchez Cortizas

VICEPRESIDENTA

Francisca Pérez Bouza

SECRETARIO

Javier García Dieste

TESOUREIRO

Juan Fernández Ameneiro

VOGAIS

Jacinto Núñez Martínez
Aída Cortizas Rodríguez
Patricia Rivera Romero
Ramón Bello Blanco
Ana Sánchez Cortizas
Juan Luis Iglesias Núñez
Fátima Espiñeira Casal
Miguel A. Rodríguez Bastida

ENDEREZO

Local Sociocomunitario
Municipal de Mugardos
Rúa Fene, 5
15620 Mugardos
A Coruña

E-MAIL

apeloneduccion@gmail.com

REDES

facebook.com/apeloneduccion
instagram.com/apeloneduccion
twitter.com/ApelonEducacion
www.apeloneduccion.org



NÚMERO 4 · 2022

DEPÓSITO LEGAL C 1488-2021 · ISSN 2792-5056

EDITORA

Asociación Cultural
Apelón Educación
Mugardos (A Coruña)

DIRECCIÓN

Gabriela Sánchez Cortizas

COORDINACIÓN

Javier García Dieste e
Juan Fernández Ameneiro

DESEÑO, DIRECCIÓN DE ARTE E MAQUETACIÓN

César Pena

PORTADA

Javier García Dieste

COMITÉ DE REDACCIÓN

Javier García Dieste
Gabriela Sánchez Cortizas
Juan Fernández Ameneiro
Juan Luis Iglesias Núñez
Jacinto Núñez Martínez

REVISIÓN DE TEXTOS

Francisca Pérez Bouza
Gabriela Sánchez Cortizas
Juan Fernández Ameneiro
César Pena

TIPOGRAFÍAS

Earwig Factory 
Raleway 
Manuale 

Albela, Revista cultural de Apelón Educación é unha revista plural, que serve de foro de debate.

O Equipo Directivo respecta en todo momento a opinión e o idioma dos textos dos seus colaboradores, pero non se fai responsable, nin ten por que identificarse necesariamente coas opinións expresadas.

Editorial

*Todas as cartas de amor são
Ridículas.
Não seriam cartas de amor se não fossem
Ridículas
Mas, afinal,
Só as criaturas que nunca escreveram
Cartas de amor
É que são
Ridículas*

Poesias de Álvaro de Campos. Fernando Pessoa.

Todos os nosos editoriais son molestos, como son ridículas todas as cartas de amor.

Non sería o noso editorial se non fose molesto. Pesado e molesto, porque imos pedir por enésima vez o traslado da biblioteca a un local apropiado. E, aínda que sospeitamos que a resposta será tan positiva como inútil, imos seguir insistindo.

En breves —as eleccións municipais están a menos de un ano— veremos artigos en xornais, notas de prensa e publicacións en redes sociais anunciando a construción dunha nova sede para a biblioteca municipal. Veremos planos e orzamentos e os máis imaxinativos mostrarán incluso unha maqueta do edificio. Imos escoitar de novo ofrecementos e promesas pero tamén imos ouvir queixas, reproches e poida que hasta malas palabras como reacción ás nosas demandas. Porque imos reclamar —con respecto e educación como sempre— e imos ser molestos.

Molestos como este editorial que quere lembrar as promesas incumpridas: a biblioteca no Zárate, a biblioteca na parcela anexa ao Zárate, a biblioteca no estanco. Había o compromiso de que esta última ía estar construída e en funcionamento antes do remate da lexislatura. De que lexislatura?

Puidemos levar anos gozando dunha biblioteca digna e barata en Apelón. Non houbo visión. Agora, na resaca dunha crise sanitaria e económica, os grandes proxectos vense máis lonxe que nunca e parece que no mellor dos casos deberemos agardar e pagar o dobre para obter o mesmo.

Non estamos nos tempos máis propicios para as reivindicacións, mais é a nosa obriga denunciar a precariedade das instalacións municipais dedicadas a cultura e educación—convén lembrar que as bibliotecas prestan un servizo educativo. De non facelo estaríamos permitindo que se perpetúen carencias insupportables que sufrimos todos, e con especial rigor aqueles de nós que son máis vulnerables. Debemos reclamar aínda a risco de ser molestos. Xa que ao final só as criaturas que non sustentan demandas xustas son as verdadeiramente molestas.

Pedimos desculpas por se ofende a alguén o noso atrevemento de parafrasear a Pessoa, mais cremos contar coa súa indulxencia. De seguro quereda que a nosa vila contase cun lugar adecuado para a difusión da súa obra e concordaría co fondo deste editorial, pesado e molesto.

s U m a r i o

3 **Editorial**

6 **Actividades anuais 2021**

10 Marracoi



José
Sousa

14 Simón García en clave de Fa




Xoán
Rubia

20 San Vitorio (Franza)
Algo máis que unha rúa




Tino
Vázquez

24 Chedas



Miguel A.
Rodríguez

28 Unha historia do rock en
Bezoucos



César
Ramone

En portada:
baliza Castelo
da Palma.
Foto: Javier
García Dieste.



Bernardo
Máiz
Vázquez



Por el camino de Modesto

38


Ignacio
Fernández



Baliza «Castelo da Palma»

42

Pablo J.
Rañales
Pérez



Mugardos 2030: a necesidade de
construír unha paisaxe futura

48

Raquel
Villanueva
Lorca



La pintora

52

Antonia
Grandes



Atea

54

Francisca P.
Gabriela S.



Lavar lávase coas mans

56

Alexandre
Fernandes



Leva-se dentro

62

suxestións lectoras 70



CLUB DE LECTURA

Mantivo a súa actividade durante todo o ano simultaneando reunións presenciais con reunións a través de WhatsApp. Os libros leídos foron: "*Jane Eyre*" de Charlotte Bronte, "*Un amor*" de Sara Mesa "*La leyenda de la peregrina*" de Carmen Posadas, Selección de poemas de Xela Arias, "*El mentiroso*" de Mikel Santiago, "*Catedrales*" de Claudia Piñeiro, "*Los vencejos*" de Fernando Aramburu.



XIMNASIA DO SOLO PELVIANO

Os exercicios de Kegel poden axudar a fortalecer os músculos debaixo do útero, a vexiga e o intestino grosso. Poden axudar a homes e mulleres que teñan problemas con escape de ouriños ou control intestinal. Mais na nosa vila non parece que o público masculino teña interese na actividade ou precise dela.



DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO

Elaboración dun novo mural "A estrela Rosalía" no Cotellón. Arranxo e reescritura do mural da Avda. de Galicia.

VISIÓNS DE ROSALÍA

Colocación de pancartas en tódalas parroquias da Vila referentes ao "Día de Rosalía".

Videoconferencia de Pilar García Negro "Visións de Rosalía". Publicación de extractos nas redes sociais.



VERSIÓNS DE ROSALÍA

Actividade na que se animaba á xente a compartir vídeos, audios e debuxos con poemas de Rosalía. Houbo unha participación inesperada. Recollimos 26 vídeos con recitado de poemas, entre os que hai que destacar os de Paco Rodríguez e o de Anxos García Fonte, dúas cancións e 10 debuxos dos que fixemos carteis que se expuxeron polas rúas da vila. Publicación de vídeos e fotos coa **VERSIÓN DE ROSALÍA** nas redes sociais.



CON OLLOS DE MULLERES VALENTES CONMEMORACIÓN DO 8 E 10 DE MARZO

Videoconferencia e publicación dos vídeos nas redes sociais de "**CON OLLOS DE MULLERES VALENTES**". As mulleres tamén participaron nas mobilizacións do 10 de marzo e tiñan nomes. Ánxela Loureiro reivindica o seu papel no seu libro "Voces da memoria con ollos de muller".

2021 Actividades anuais



FESTA DOS MAIOS

Neste segundo ano de pandemia a celebración do Día dos Maios tivo características especiais. Non houbo festa conxunta no Ratón como os anos anteriores.

Os membros de Apelón repararon as estruturas dos maios e cubríronnas con distintos tipos de verde. De seguida levaron a todas as escolas da vila cadansúa estrutura para que as pequenas e os pequenos remataran a decoración. Foi un maio presencial pero sen mesturas.



DÍA DAS LETRAS GALEGAS

A causa da pandemia de COVID, a celebración das Letras Galegas tivo actividades de carácter presencial e virtual:

Difusión en redes sociais da obra de Xela Arias.

Adorno con globos no peirao.

Colocación de pancartas.

Agasallo de globos e libros.

Reunión extraordinaria do Club de Lectura.



EXPOSICIÓN GALICIA EN FOCO

Exposición fotográfica patrocinada polo *Club de Prensa de Ferrol* que pretende recoller a actualidade en Galicia durante o ano. Mugar dos días 14, 15, 16, 17 de maio. *Sociedade Amigos da Paisaxe Galega* do Seixo, os días 21, 22, 23 de maio. *Casino Progreso* de Franza, os días 28, 29, 30 de maio.



SAN XOÁN

A causa da pandemia de COVID a celebración do San Xoán tivo actividades de carácter virtual:

Difusión en des sociais da orixe e tradicións propias do San Xoán.

Mostra de fotos de cacharelas e cachos de San Xóan.

Achegamos información e curiosidades sobre o San Xoan a través de Facebook, Twitter, Instagram, WhasApp e correo electrónico.



LIMPEZA DA RIBEIRA

O sábado 12 de xuño a nosa asociación colaborou coa xornada de limpeza dos fondos mariños organizada por *Scuba Galicia Pro* en colaboración coa *Red de Vigilantes Marinos* no porto de Mugar dos con buzos e embarcacións de apoio para realizar a limpeza por terra e mar.



CONTOS NA ESCOLA INFANTIL

Five little piggies é a versión en inglés dunha rima e xogo de dedos moi popular en todas as culturas. Nesta versión, Victoria González, a nosa contacontos internacional, achegounos unha historia de porquiños que pretendía estimular a atención, a memoria e a conciencia corporal.

Aída Cortizas, outra das nosas narradoras, explicou aos nosos pequerrechos o proceso de transformación dunha eiruga en bolboreta usando un conto clásico da literatura infantil, *A eiruguiña comellona* de Eric Carle.



ROTEIRO ROSALIANO "ROSALÍA NA BEIRA DO MAR"

Recoñecido oficialmente como roteiro rosaliano polo *Padroado de Rosalía de Castro*.

Elaboración e realización dun roteiro rosaliano no Seixo, polos lugares conectados co poema de Rosalía "Se a ver-nos, Marica" que pretende ser un recordo permanente da estadia de Rosalía no Seixo.

Sinalización das cinco paradas que forman o percorrido. En cada parada pódese atopar un código QR, que leva a unha páxina web con información histórica de cada lugar e a nosa selección de poemas para cada espazo.

Colocación de carteis con código QR para poder facelo de xeito autónomo. Elaboración dunha Wiki, na que aloxar textos e fotos. Temos que agradecer a colaboración de distintas asociacións e grupos para poder levar a cabo o noso proxecto: Comunidade O Zulo, que nos axudaron a aloxar en rede os contidos que dan forma ao proxecto. Grupo Volver a O Seixo. Grazas ao seu labor de limpeza poderemos camiñar con tranquilidade. Portela Teatro, con Loreto De Castro Concello de Mugar dos, pola música. Sociedade de Amigos da Paisaxe Galega do Seixo. Dinamizadores da cultura no Seixo.



PRESENTACIÓN DA REVISTA ALBELA E EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA LOST IN THE WOODLANDS DE ÁLVARO LAMAS

Lost in the Woodlands ofreceu unha mirada única sobre a natureza, unha visión moi persoal de paisaxes e lugares.

Acompañáronnos nas presentacións os autores da exposición e dos artigos e o deseñador e maquetador da revista, César Pena. E aprendemos moitas cousas: da fotografía, de como se estrutura unha exposición e como se extrae a fermosura dun instante na natureza con Álvaro Lamas. Da vida de Andrés Balsa da man de Miguel Rodríguez. De como un paseo familiar descobre canta historia hai agochada nos lugares polos que nos movemos a cotío, con Vera Varela. Da arquitectura dos cascos vellos de Mugar dos e O Seixo, con Jose Manuel Garcia Castro. Da importancia das pequenas revistas locais para preservar a memoria das vilas, en palabras de Jorge Gómez. 7 de outubro en Mugar dos, 23 de outubro no Seixo e 5 de novembro en Franxa.



2021 Actividades anuais



VISITA GUIADA A LUGO

Visitamos Santa Olalla de Bóveda, Casa dos Mosaicos, Centro de Interpretación da Muralla e Museo Provincial. Toda a zona de Santalla de Bóveda de Mera sabía que baixo a igrexa había algo importante agochado e do que non se podía falar... ata que o cura en 1914 decidiu sacalo á luz. A marabilla aínda non se sabe hoxe o que é, pero a piscina, as pinturas, os arcos e os relevos seguen falando hoxe para nós dun lugar sagrado.



CELEBRACIÓN DO SAMAÍN COA ACTUACIÓN DE DIVAS DE DIVÁN

Vero Rilo, Ángeles Goás e Carmen Conde xuntáronse con nós no mercado e, mentres picaban queixo e probaban licor café, contaron historias da erótica do noso país. Trouxeron contos con material dabondo para fundar a nosa propia mitoloxía. As que asistimos ao espectáculo xa non miramos o unto do mesmo xeito e o número sete ten un novo significado para nós.



DÍA DO PATRIMONIO: COAS MANS

Percorrido polo patrimonio cultural material e inmaterial que agochan os lavadoiros e a memoria das lavandeiras. Colocación de sinais, códigos QR.

Elaboración dunha Wiki co material empregado, en colaboración con O Zulo.

Publicación do folleto COAS MANS, para que quen quixera poidera realizar o roteiro de xeito privado.



CÁNTAME NADAL, CÓNTAME NADAL

Queríamos un nadal coma os de antes, con contos e cancións e debuxos infantís e que todo o mundo poidera escoitalos e que chegaran a toda a vila sen perigo. Así que nos puxemos a pensar... e fixemos contacontos e panxoliñas virtuais en colaboración con *Unión Mugardesa* e *O Zulo*. Na rúa quedaron os nosos carteis. E nos establecementos dos nosos asociados carteis e tarxetas. En cada cartel e en cada tarxeta hai un código QR co que se pode escoitar un conto ou unha canción de Nadal.



PRESENTACIÓN LIBRO

"PASABA POR ALÍ, E QUEDEIME UN INTRE"

Guiados por Juan Luis Iglesias, Xulia Díaz e Miguel Rodríguez, fomos testemuñas dunha vida adicada á música e en prol da lingua galega. Porque en Xoan Rubia música, lingua, loita e traballo foron e son algo inseparable. Un intre no que se debulla unha vida pouco convencional, pois non sempre se ten a oportunidade de escoitar e ler a un cantante e autor que se moveu na primeira liña.



Marracoi



José
Sousa

Dende a miña ventá vexo a fermosa estampa do peirao de Mugardos e ao facer un percorrido coa vista ata a praia da Bestarruza, xorde sempre a pregunta de que facer coas ruínas das antigas fábricas de salga. Sempre pensei que poderían reconverterse nunha aula temática sobre a industria da salga de peixe ou, se isto non fose posible, acondicionarse para zona recreativa.

Dende a miña ventá vexo a fermosa estampa do peirao de Mugardos e ao facer un percorrido coa vista ata a praia da Bestarruza, xorde sempre a pregunta de que facer coas ruínas das antigas fábricas de salga. Sempre pensei que poderían reconverterse nunha aula temática sobre a industria da salga de peixe ou, se isto non fose posible, acondicionarse para zona recreativa. Tamén vexo

dende a miña fiestra, na miña querida Redonda, algo parecido as ruínas da Bestarruza: os antigos almacéns de Marracoi.

Ángel Fernández (Marracoi) foi un gran empresario asentado na Redonda entre os anos 40 a 70. A súa empresa establécese no peirao e ocupa nun primeiro momento as edificacións dunha antiga fábrica de salga propiedade dun fomentador catalán de apelido

Rost. Máis tarde, expándese para acabar ocupando todo espazo no que agora vemos as ruínas. Ruínas que están situadas nun lugar privilexiado á beira do mar e levan 50 anos sen uso e conforman un dos puntos negros da Redonda.

Achegarse aos restos da empresa de Marracoi no peirao da Redonda supón un paseo polo abandono e o desleixo, pero tamén pola memoria. Cando camiño por



alí co meu can Goliath, ven a miña mente a imaxe deste lugar cando eu era un neno.

Nos anos 50 o Sr. Angel tiña a empresa con máis empregados de todo o Concello de Mugarbos. Aquí había obreiros de diferentes oficios: mecánicos, torneiros, carpinteiros de ribeira, canteiros, mariñeiros e peóns, que con pico, pala e unha carretilla movían a terra e facían muros para gañar terreo ao mar.


De neno, cando chegaba o inverno, o meu lugar favorito na fábrica era a fragua. Alí estaba un home moreno e forte, o Sr. Juan "o ferreiro". A carón do carbón pasaba eu as horas mentres miraba como o ferreiro recompoñía punteiros, picos, cuñas, pinchotes e outros utensilios deixándoos listos para traballar.

Co bo tempo cambiaba a miña quenenza, que da fragua pasaba a gamela. A gamela era unha chalana que usaban os lanchóns de Marracoi, adicados a transportar pedra, cachote, adoquins ou area a Bazán e a dársena de Curuxeiras. Os lanchóns levaban unha gamela amarrada a popa para usala de transporte cando fondeaban por falta de calado. A diferenza doutras embarcacións, a gamela navegase cun só remo dende o centro da popa cun movemento de rotación, e a este modo de remar chamábanlle "xingar".


Os lanchóns, tamén chamados "bois da molida", tiñan nomes de lugares da contorna: "A Ria", "O Baño", "A Redonda". O que máis me gustaba era o que tiña

o estraño nome de "Cabeza Hinchada". Había dous tipos de lanchóns. Os grandes levaban na cuberta un chigre, que era basicamente unha pequena grúa manual. Esta grúa estaba feita con dous troncos de árbore. Un dos paus ía fixo dentro e o outro xiraba. Levaban unhas pastecas ou poleas onde xiraba un cable, que se recollía ou soltaba por medio do chigre, que era manexado por dúas persoas, unha de cada lado. Ese sistema rebaiaba bastante o peso que se izaba para cargar a embarcación, por iso estes lanchóns cargaban os cachotes máis grandes.


Nos lanchóns pequenos a pedra cargábase pola ribeira, subindo e baixando por unha táboa a modo de escada. Transportábase a



Nun primeiro momento a principal actividade de Marracoi era a explotación das canteiras.



pedra en sacos e en cestos. Nun dos extremos dos sacos facían unha especie de capucha e no outro extremo, que quedaba á altura das costas, colocaban a pedra. Era un traballo moi duro. Recordo a miña nai dicirnos: -Estudaches a lección ou queres acabar cargando pedra nos bois da molida?



Nun primeiro momento a principal actividade de Marracoi era a explotación das canteiras. Na Redonda o negocio da pedra ten tradición. As canteiras empregaban principalmente traballadores locais, pero xa a principios do século XX pode constatarase un importante fluxo migratorio de canteiros portugueses. As súas condicións de vida e de traballo eran terribles, mais moitos deles colleron moza na aldea e aquí quedaron; por iso na Redonda aínda perduran moitos apelidos portugueses: Almeida, Ferreira, Gomes, Sousa, Oliveira, Rocha... Así hai quen di que A Redonda é "a reserva portuguesa"!

As canteiras eran explotadas nun principio por diferentes empresarios. As máis grandes eran a canteira de Pereira e a do Vispón. Cando eu era neno, estas canteiras traballaban principalmente para Bazán facendo uns bloques de grandes dimensións que encaixaban uns



▲ Os peiraos de Marracoi atópanse hoxe en estado ruinoso.

noutros e eran transportados nas barcazas. Cando Marra-coi instala a súa empresa na Redonda faise co monopolio do negocio da pedra e fura a ambos lados da entrada da ría, dende O Segaña ata O Vispón e polo monte ata Montefaro.

O traballo nas canteiras era duro. Transportaban a pedra con mulas e bois, como na Idade Media, usando roletes, barras de ferro e pequenos chigres, e unha vez na ribeira levábase por mar nos lanchóns ata Bazán.

Exceptuando a extracción da pedra da canteira, na que usaban pólvora, todo


o demais facíase á man: mover e cargar pedras, facer adoquins e cantear bloques. Para facer os barrenos precisaban tres homes, un aguantaba da barrena e os outros dous golpeaban nela usando cadansúa mandarria. Era case que hipnótico velos, sincronizados, cantando os golpes na barrena: golpea un, golpea outro, un sube a mandarria, o outro baixa, o que aguanta da barrena levántaa para botarlle a auga que ablande a pedra. Logo de feito o burato, enchiano de pólvora e poñían a mecha para facelo estoupar a unha

hora xa determinada. O estoupido atronaba toda a ría.

Pouco a pouco as cousas foron cambiando. O barrenos xa se facían con un compresor e a empresa foi trocando a súa actividade. Compraron un camiión e logo unha escavadora —cando vin por primeira vez como movía as pedras e a forza que tiña non daba crédito—. Máis tarde viñeron máis camiións, escavadoras, pisóns e incluso un remolcador! Finalmente os fillos do Sr. Angel, que xa levaban a empresa, optaron por abandonar A Redonda e trasladarse con todo a Ferrol.

E aquí rematan os meus recordos da antiga fábrica de Marracoi. Confío que as dúas ruínas cargadas de memoria que vexo dende a miña fiestra teñan solución, que donos e administracións cheguen a entenderse e que poidamos preservalas e darlles uso. ¶

Máis tarde viñeron máis camiións, escavadoras, pisóns e incluso un remolcador! Finalmente os fillos do Sr. Angel, que xa levaban a empresa, optaron por abandonar A Redonda e trasladarse con todo a Ferrol.



Simón García en clave de Fa



Xoán
Rubia

Se por calquera circunstancia preguntáramos a alguén por un instrumento musical, a maioría decantariáse polo piano ou a guitarra, moi poucos polo contrabaixo. ¿O porqué? Pois pola sinxela razón de que o contrabaixo, malia a súa aparatosa presenza, non foi, e reparade que digo non foi, un instrumento popular ata arestora.

Afortunadamente cambiaron as cousas e este membro da familia do violín xa anda polos sendeiros da música dotado de vida propia. A non ser un instrumento que contase con moitos seguidores non sería doado atopar a un rapaz que, a hora de decidirse por un, se decantara por este. Ese foi o caso do noso protagonista: Simón García.

Cando na súa adolescencia, cando ía ao instituto e saía de troula coa súa panda, estaban de moda e soaban grupos de rock electrificados, e ninguén reparaba nun instrumento nado no século

XVI onde logo, na orquestra aló polo XVII, representaba só un papel secundario reforzando ao violonchelo case coma invitado de pedra. En suma, foi un pouco o patíño feo da familia das cordas, o instrumento que chamaba a atención só polo seu enorme tamaño. ¿Cales foron as causas polas que Simón García decantouse polo contrabaixo coma compañeiro de fatigas musicais? Iso deberíamos preguntárllelo a Simón aínda que como case todas as cousas na vida puido ser froito da casualidade. Poido xurdir cando Simón achegábase pola casa do seu

veciño Luís Cuba e escoitaba as notas saídas do baixo (eléctrico) deste. Lembro que atopei un día alí a un rapaciño cando fun falar con Luís sobre un proxecto meu, silencioso e moi atento ao que aquelas persoas "maiores" comentaban. Poido ser que a aventura comezara alí. O que si está moi claro é que no caso de Simón García a chamada da música era moi forte e non convén rexeitala cando resulta tan evidente. Non se trata de deixarte levar pola chamada vocación, que tamén, senón aproveitar as facultades que un ten para o desempeño dun traballo





▲ Simón García ao contrabaixo, aínda mozo, acompañando a Xoán Rubia nunha actuación.

tan difícil e moitas veces tan pouco valorado como é o da música, sexa popular ou a catalogada como clásica. ¡Que pouco me gusta poñer apelidos á música! Eu considero clásicos aos *Beatles* ou a Miles Davis, por poñer dous exemplos, ¿por que non?. E Simón decidiu interpretar e encamiñar a súa vida seguindo aos "clásicos" en clave de FA, e acertando de cheo.

Cando un se marca un obxectivo na vida tes que

Sábese do difícil que é situarse no Olympus dos elixidos, estar no cumio dos grandes intérpretes, pero penso que o noso veciño está no camiño correcto.

pensares en facelo con decisión, con esa paixón que da a seguridade de poder conseguilo, sen desfalecemento, indo na procura de superar os atrancos que sen dúbida un se vai atopar polo camiño, e Simón malia a súa xuventude entón, malia ter a cabeza noutras cousas como soe ser frecuente en rapaces de súa idade, tivo ben claro o que quería e foise a por ilo con determinación.

Convén manifestar que de casta lle ven ao galgo xa que Andrés, o pai de Simón, tamén subiu a un escenario como intérprete daquela *Nova Canción Galega* na década dos 70. Lembro que catamos xuntos no Esteiro (1976) nun festival no que tamén participaba un grupo folk mugardés chamado *Ataxenta*. Eu aquel día cantara na *Pista Los Pinares* e nada máis rematar collín a guitarra e saín correndo cara ao Esteiro onde xa espera-

ban Andrés e *Ataxenta*. Que tempos aqueles! Pero volvamos á senda de Simón e a do contrabaixo, que nesas estabamos.

O contrabaixo non comezou a soar como instrumento con vida propia ata mediado o século XX pois, como xa quedou dito, a súa situación no ámbito musical aló polo século XVIII distaba moito de ser satisfactoria, pois costáballe moito independizarse do chello. A partires de aí foron aparecendo virtuosos como o iniciático Domenico Dragonetti en cuxa época viu como aparecían na escena composicións de dúos, trios e sonatas escritas para contrabaixo (unha gran novidade). Logo xurde no panorama o virtuoso por excelencia Giovanni Bottesini, que curiosamente tocaba un contrabaixo de tres cordas acadando un éxito total nos EE.UU e en Europa, e xa metidos en pleno século XX o jazzista Charles

▼ Desde moi novioño Simón sentiu a chamada da música a través das cordas.



Sendo Simón xa un músico consumado acompañou a moita xente importante no catálogo de intérpretes, como George Coleman, Raphael, Paquito D'Rivera, Fuxan os Ventos, Carlos Núñez e un longo etcétera.

Mingus, exemplos estes tres de significados interpretes relacionados co instrumento en cuestión.

É preciso constatar que o jazz ten moito que ver en que o contrabaixo acadou a popularidade que ten arestora, pois resulta un instrumento básico, nunca mellor dito, nas formacións jazzísticas onde habitan excelentes intérpretes. E fago un inciso para recomendarvos que se tedes oportunidade pasedes

a escoitar a Simón nalgunha sesión de jazz que habitualmente soe facer cos seus compañeiros Nani García e Miguel Cabana e aí comprobaredes como un intérprete deixa voar a imaxinación. ¡O!lo! voar a imaxinación baixo un control absoluto. Improvisacións si, pero malia que resulte unha contradición, controladas. Lembro ao meu vello amigo Pedro Iturralde, unha icona dos saxofonistas, estudando improvisacións de John Coltrane. Tamén quedei impresionado oíndo unha "improvisación" a Simón García usando o arco no teatro Jofre de Ferrol. Algo así só poden facelo aqueles que teñen un gran dominio do instrumento: e Simón teno.

Sábese do difícil que é situarse no Olympus dos elixidos, estar no cumio dos grandes intérpretes, pero penso que o noso veciño está no camiño correcto, na senda que o leve a situarse

entre os grandes no que concirne a este instrumento que grazas a músicos como el vese como un elemento importante, e á veces incluso fachendoso, como instrumento solista.

Simón García posúe unha sólida formación musical acadada cun tesón encomiable. Estudou e licenciouse en contrabaixo no Conservatorio Superior de Música de Salamanca. Hoxe o poderíamos considerar como un músico ecléptico, e dicir: que interpreta coa solvencia que dá a súa formación académica calquera tipo de música que se lle pon por diante sen esquecer nin descoidar por suposto a súa faceta como compositor que o sitúa arestora no grupo dos grandes creadores contemporáneos de música para contrabaixo.

Dentro da súa versatilidade acompañou en directo e nos estudos de gravación a artistas diversos no fondo e na forma. Quizais a un dos primeiros que acompañou subido a un escenario foi a este que subscribe cando Simón era aínda un rapaciño que comezaba a tocar o baixo. Pasou tanto tempo que non lembro o lugar con exactitude pero podería ser no Teatro Rosalía de A Coruña... podería.

Sendo Simón xa un músico consumado acompañou a moita xente importante no catálogo de interpretes, como por exemplo a George Coleman nada máis e nada menos, un mítico saxofonista de jazz que tocou con Miles Davis e Herbie Hancock entre outros "monstros" do jazz, tamén ao incombustible Raphael, a Paquito D'Rivera, aos Fuxan os Ventos, Carlos Núñez e un longo etc.

Simón García forma parte dende o ano 2009 do elenco de músicos que configuran

As súas pezas foron interpretadas e premiadas en moitos países formando parte do repertorio de abono de moitas orquestras sinfónicas.

a *Banda de A Coruña* e a súa actividade vai case sen solución de continuidade dende a participación como músico sinfónico na *Orchestra Nacional de España*, *Orchestra de RTVE*, na *Real Filarmonía de Galicia*, *Ensemble Nacional de España de Música* a ofrecer recitais en varios países europeos e americanos. Tamén como compositor as súas pezas foron interpretadas e premiadas en moitos países formando parte do repertorio de abono de moitas orquestras sinfónicas.

Non resulta xa que logo difícil de imaxinar que estamos diante dunha figura importante do mundo da Música, así con maiúscula, dun músico nado na nosa vila que logrou atravesar raías polas que só poden pasar músicos con talento, artistas cunha visión ampla que usan deste idioma universal para transmitiren sensacións e emocións algunha das cales teñen que ver co seu lugar de procedencia, sentimentos que saen da voz grave do contrabaixo nas mans de Simón. Premen os seus dedos nas catro cordas do mastro do instrumento,





algunhas veces fan "pizzicatos", beliscos sen mostra de agresividade, e outras déixanse acariciar polo arco ao ditado da esixente mestría do intérprete.

E agora vos estaredes preguntando porqué titulei este comentario Simón García en clave de FA. Pois porque as notas que se escriben no pentagrama, neste caso para o contrabaixo fanse na clave de Fa. Esta e a de Sol son as máis usadas malia que houbo e aí outras. En "román paladino" as claves existen co gallo de facilitaren a escritura nas cinco liñas paralelas do pentagrama. Por exemplo no piano as notas da man dereita escriben-se en clave de Sol e as da esquerda (os rexistros máis graves) en clave de Fa. Se as escribíramos nunha sola clave montáriase un balbordo de mil estallos.

Pois xa sabedes porqué a linguaxe de Simón García está na clave de Fa, esa que fala con voz grave no significado tonal desta palabra, para que sobre ese rexistro que parece saído dun mundo subterráneo e imaxinario participen outras voces instrumentais de sons máis cristalinos que se van sustentando sobre os sólidos cimentos do contrabaixo. Pois así fala Simón García: na clave de Fa.

**Unha vila coma a nosa
debera ter a sensibilidade
de recoñeceren aos seus
fillos e fillas máis senlleiros,
aos que coa súa actividade
axudaron a forneceren os
cimentos de Mugar dos no
mapa de Galicia.**

E agora unha última consideración para non abusar da vosa paciencia. Di aquel refrán (todos os refráns baséanse na sabenza popular) que "de ben nacidos é sermos agradecidos", e coma case todos estes ditos, este concretamente, dá na diana. Unha vila coma a nosa debera ter a sensibilidade de recoñeceren aos seus fillos e fillas máis senlleiros, aos que coa súa actividade lograron destacaren nos campos da ciencia, a pintura, a música, da política e outras actividades coas que axudaron a forneceren os cimentos de Mugar dos no mapa de Galicia. Unha vez chamoume a atención en Canarias nunha vila na que nalgunha das fachadas das casas, había pequenas placas dedicadas aos personaxes que dun ou doutro xeito destacaron: así como "aquí naceu o médico...", "aquí o poeta..." Non era necesario que estiveran a altura de Don Benito Pérez Galdós, egrexio canario, eran personaxes que incidiran positivamente no devir da vila coas súas actividades, algunha delas incluso modestas. Así que eu espero que se algún día se chega a escribir o Quen é quen en Mugar dos nel estea reflectida a figura de Simón García polos grandes méritos acadados e polos que aínda lle quedan por acadar. Abofé. ¶

San Vitorio (Franza) Algo máis que unha rúa



Tino
Vázquez

San Vitorio, lugar da parroquia Franza, toma o nome do santo en cuxa honra levantouse unha capela posicionada na mesma croa dun castro que alí segue —diciase que eran castros mouros, con certos sinais de ter sido fortalezas—.

Dise que naquel lugar, de xeito miragroso, apareceu unha imaxe de San Vitorio.

E aquí chega unha dúbida lóxica: A que San Vitorio corresponde? Despois de consultas e máis consultas, incluídos medios eclesiásticos, so puidemos atopar cantidade de capelas adicadas ao santo, con variedade de imaxes, que moi pouco ou nada se parecían ao San Vitorio de Franza, que porta tiara de bispo.

Pola imaxe que existe na capela actual podería considerarse que o santo que da

nome ao lugar é San Vitorio de Le Mans, que foi bispo —xa que logo, outro dos Vitorios chegados a santos foi Vitorio de León, soldado romano, cristián, que foi martirizado en tempos de Diocleciano entre os anos 304 - 305—. A imaxe do San Vitorio de Franza, como dicíamos, porta unha tiara propia de bispos, ao igual que o San Vitorio de Le Mans, e as dúas imaxes gardan certa semellanza.

Discipulo de san Martín de Tours, foi elixido bispo de Le Mans polo ano 453. Asistiu aos concilios de Angers, 453 e Tours, 461; asinou una carta



colectiva cos bispos de Tours e de Bourges, dirixida aos prelados participantes na III Asemblea de Lyon. San Gregorio de Tours, deixou relatos da vida de San Vitorio.

Vitorio, que era subdiácono, estaba casado e era pai dun neno, Víturio. Casualmente, encontrou a san Martiño de Tours que se achegaba a visitar ao bispo de Le Mans, Liborio, no seu leito de morte. San Martiño pediulle que fora con él e despois dos funerais de Liborio propuxo a Vitorio como novo bispo de Le Mans.

A historia continúa dicindo que Víturio, educado



▲ A imaxe do San Vitorio de Franza porta unha tiara propia de vispos.

en Tours, sucedeu ao seu pai e foi consagrado bispo; esta sucesión supuxo unha confusión histórica entre os estudosos da materia, diversificando ambos santos e conmemorando as respectivas festividades en datas distintas. Hoxe suponse que é un so San Vitorio, de Le Mans, quen, na súa longa vida, fundou un mosteiro adicado aos Doce Apóstolos, onde foi sepultado cando finou, no ano 490 e o mosteiro tomou o seu nome.

Nas *Memorias do Arcebispo de Santiago* de 1607, escritas por Jerónimo del Hoyo —coengo que, entre

1606 e 1620, traballou como visitador da diocese, encargado de percorrer todos os lugares que eran propiedade nel do arcebispo para coñecer os seus bens—, recolle que no interior da antiga capela existía una pedra fitada ou mámoa que dividía as xurisdicións do Conde de Lemos e do Cabido Compostelán.

Na visita que, no ano 1607, Jerónimo del Hoyo fai a Franza, describe que o lugar contaba con 12 labregos potentes e 3 casas nobres.

A rúa de San Vitorio arranca do actual complexo O Castro e chega ata o Souto

de Arriba, onde se atopa actualmente a capela.

Esta rúa toma o nome do lugar, San Vitorio, no que se integran diferentes rúeiros e que abrangue diferentes sitios con particular interese que sería unha mágoa que o tempo chegara a borralos polo esquecemento.

Tomando a entrada na encrucillada da estrada AC-133 —Complexo Acuático do Castro— atopamos **A CANCELA**, que dá entrada

▼ A Capela de San Vitorio pintada por Felipe Bello Piñeiro.



▲ A Capela de San Vitorio neste 2022.

Esta rúa toma o nome do lugar, San Vitorio, no que se integran diferentes rúeiros e que abrangue diferentes sitios con particular interese que sería unha mágoa que o tempo chegara a borralos polo esquecemento.

ao lugar de San Vitorio e que contaba cun tramo do **CAMIÑO REAL**, tamén chamado Camiño do Francés —parcialmente desaparecido pola construción da estrada VG-12, que dá servizo ao complexo industrial de Punta Promontorio-Caldoval—. Dise do Camiño Real que podía ser a vía de comunicación co mosteiro de Santa Catalina, pasando polo porto de Mugardos

Seguindo o trazado actual, en dirección oeste, atopamos unha chaira, hoxe parcialmente edificada, chamada **O CAMPO FRANCÉS**, onde, dise, se asentaban as

expedicións da Rota Xacobea procedentes das costas atlánticas francesa e británica que chegaban por mar ao porto do Seixo.

Detéñome neste punto para subliñar que, xa dos séculos XII e XIII, aparecen referencias en diferentes escritos que sitúan a Franza como punto de paso e parada das expedicións de peregrinaxe a Compostela.

En cartografía realizada no ano 1498 aparece a denominación **FRANÇA**. En diferentes escritos da época aparece **SANTIAGO DE FRANCIA**. E, en relación aos establecementos templarios, fíxase o **L'HOPITAL DU SANCTI SPIRITI DE FRANKA**. Así pois, compre supoñer que Franza tivo un hospital para atender a aqueles camiñantes que por aquí pasaban, camiño de Compostela, seguramente situado no lugar de San Vitorio e, probablemente, preto do **CAMPO FRANCÉS**.

Seguindo nesta chaira, o Campo Francés, diremos que nel se marca o límite das freguesías de Santiago de Franza e San Vicente de Meá. Entre esta chaira e a da Gaiba ou As Gaibas, atopamos a **PEDRA DO COUTO**, outra pedra fitada, que fixa o límite das dúas freguesías.

Esta Pedra do Couto —hai moitas con esta denominación, mesmo en Ferrolterra—, ten o seu aquel dos misterios que arrodean estas pedras. Lembro que os nenos da miña época, en Rilo, montabamos as nosas particulares

Podería ser que a aparición da imaxe do santo non fora tan de milagre, senón que aqueles devotos franceses que ían a Compostela situáranas, nunha das súas estadias, na croa do Castro.

batallas —case sempre incruentas—, tendo como punto de referencia esta Pedra do Couto. Habiamos chegar a ela, correndo Chousa arriba e facer fuxir aos mouros que alí se asentaban.

Volvendo á Cancela tomando cara ao norte, baixamos a Rúa San Vitorio en dirección ao mar e, preto, atopamos **CANTALARRANA** e, un pouco máis adiante, **O BOQUEIRO**, para chegar a **O MEXOTE**. Este rueiro chega dende a Rúa San Vitorio ata a estrada DP-3504 que une Maniños con Mugar dos unindo as dúas vías por un camiño veciñal, que toma o nome de O Mexote, ao igual que unha fonte e un lavadoiro público alí existentes, hoxe comidos pola maleza.

Seguindo a rota da Rúa San Vitorio, chegamos á praza onde se asenta a capela que da nome á rúa e ao lugar, no medio dun rueiro de casas onde hoxe chaman o Parque de San Vitorio e que, sempre foi **SOUTO DE ARRIBA** e onde, nos anos sesenta, do século pasado, podíanse ver castiñeiros de centos de anos, que foron cortados polo pé e substituídos por solar de cemento. Pódense ver estes castiñeiros, nunha paisaxe pintada por Bello Piñeiro que resalta a capela e a contorna.

Parecería que aquí rematan rúa e lugar de San Vitorio, pero temos que seguir pola rúa **FRANZA DE ABAIXO**, pasando polo **SOUTO DE ABAIXO**, cara a Beiramar e,

ao chegar á estrada DP-3504, tomando a dirección cara a Maniños, atopamos a **VOLTA DE SAN VITORIO**, onde se atopan a fonte e o lavadoiro público do mesmo nome, que están absolutamente abandonados e cubertos de vexetación.

Presentado o que sería San Vitorio, santo, rúa e lugar, vólvenme dúbidas de anos a respecto de se o nome de Franza toma orixe naquel ir e vir de camiñantes franceses por este lugar.

Nos anos setenta —tamén do pasado século— lembro unha xornada con D. Xosé María Pérez Parallé, o Segrel do Penedo, que estivo por estes eidos para falar das toponimias. Mantiña el que o nome de Franza podía vir da definición que Leandro Carré Alvarellos fai no seu Dicionario Galego-Castelán: "As ponlas máis altas e miudas das árbores". Neste punto, facíalle ver eu a miña, xa daquela, teimuda e moi pouco fundamentada conclusión de que, seguramente, o nome de Franza, como xa dixen, deveña da relación dos visitantes franceses ao lugar de San Vitorio, no Campo

Francés. A resposta de Pérez Parallé foi coincidente coa miña aseveración. Nunca souben se foi por convencemento ou por contentar a miña insistencia.

A xeito de conclusión, direi que aquelas dúbidas agroman novamente. Incluso, podería ser que a aparición da imaxe do santo non fora tan de milagre, senón que aqueles devotos franceses que ían a Compostela pasando polo Campo Francés portaran a imaxe de San Vitorio, santo moi venerado —non so en Le Mans—, e situáranas, nunha das súas estadias, na croa do Castro onde, máis adiante, se levantou a capela que máis tarde, no ano 1810, foi trasladada ao emprazamento actual, disque, por mor das actividades extractivas da canteira alí existente.

Asemade, pregúntome moitas veces, se O Seixo e Franza, San Vitorio, non deberían figurar nos roteiros do Camiño de Santiago.

Rematando, debo dicir que a meirande parte do comentado, ademais de en consultas a diferentes estudos publicados, está baseado nos coñecementos da veciñanza, trasladados secularmente de pais a fillos. Do mesmo xeito direi que apliquei certa dose de subxectividade, diante de opinións controvertidas entre diferentes estudiosos da materia. ¶





Chedas

Non é doado nacer e crecer na guerra civil e na posguerra no rural. Facemos unha aproximación á vida de Mercedes Cudilleiro Blanco, coñecida na vila como "Chedas", a través do testemuño da súa filla Begoña e do seu fillo Juan Santiago.



Miguel A. Rodríguez

"PASEI MOITAS GANAS DE COUSAS, PERO EU SABÍA SER FELIZ"

Naceu na vila de Mugar dos unha fría e escura mañá uns meses antes de estalar a Guerra Civil en 1936. Era a segunda de catro irmáns e irmás, Paulina, Santiago e Jacinto. A súa nai, que tamén se chamaba Mercedes, quedou viúva moi nova, por tanto tiveron unha infancia difícil. Se xa de por si as condicións económicas nesa altura eran moi duras, a vida sen o pai aínda incrementou máis esa situación. "Pasei moitas ganas de cousas, pero eu sabía ser feliz", repetía frecuentemente para se referir á súa infancia e adolescencia.

"OS NENOS E NENAS DEDICÁBANSE A XOGAR E OS MAIORES A TRABALLAR"

A relación cos seus irmáns sempre foi moi boa. Para os nenos desa época a rúa era unha parte máis da casa, xuntábanse todos os nenos e nenas da vila e pasaban a tarde xogando con bonecas e pelotas de trapo, peóns de madeira ou saltaban á corda. Os nenos e nenas dedicábanse a xogar e os maiores a traballar: para sacar a ela e aos seus irmáns adiante, a nai traballaba vendendo peixe na praza en Ferrol, o que supuxo unha gran axuda económica para a familia. Cando estaba na casa pasaba o tempo cociñando, facendo os labores domésticos e atendendo aos fillos.

Ao igual que todas as demais mozas da época, tiña que axudar nas tarefas da casa. Entre outras angueiras, a nai mandábaa ir á fonte buscar auga. Era un dos labores que máis lle gustaba facer xa que así vía ás amigas e botaba uns contos coas veciñas. Xa daquela era moi presumida, para ir á fonte remexía o armario todo até atopar a mellor roupa que tiña, calzaba os zapatos de tacón e coa sella na cabeza marchaba cara a fonte. Cando xa tiña a auga collida, regresaba a casa e, a medio camiño tiraba a auga para volver á fonte, "aínda era moi cedo para volver a casa", dicía.

◀ Chedas cando era nova.



▲ Cos seus irmáns e irmá nunha celebración.

"¡EL SERVICIO NO SE PINTA LOS LABIOS!"

Para axudar na economía doméstica, con apenas 15 anos foi servir a unha casa en Mugar dos coidando unha nena, tiña que facer tamén algunha tarefa doméstica. Unha das rapazas desa casa regaloulle ás agachadas unha barra de labios vermella, ela encantada foi correndo a pintalos. Cando a señora da casa a veu, díxolle: "¡el servicio no se pinta los labios!" Deseguido quitou o mandilón, tirouno ao chan e dixo que non volvía máis, iso si, gardando a barra de labios no peto. Nese intre primaba máis o orgullo e o anoxo que a necesidade económica. Pensando que a decisión fora froito do momento, a señora da casa foi buscala varias veces, mais Chedas nunca volveu a aquela casa.

Para facer rabiarse á súa irmá Paulina dicíalle: "Vas esfondar todos os colchóns e o sofá", porque a diferenza dela, sempre quedaba na casa sentada calcetando. Chedas prefería saír da casa para axudar á súa nai coa venda de peixe. Ía polas casas da vila e arredores mesmo ten chegado nalgunha ocasión que algún familiar a levaba en coche até Monfero. En ocasións no canto de vender o peixe facía



▲ Chedas e os seus fillos en Domingo de Ramos.

trocós coa xente, intercambiaba o peixe por outros produtos como fariña, millo, trigo ou patacas.

Cando contaba con 25 anos de idade, casou con Juan co que tivo cinco fillos: Begoña, Juan Santiago, Luis, Pablo e Rodrigo. Este apenas paraba na casa: estaba embarcado na pesca de altura nas campañas do bacallau; de cada seis ou sete meses, pasaba un na casa. Chedas tivo que facer de pai e nai dos pequenos.

Xa casada e con fillos, a súa nai deixou-lle o posto de venda de peixe no mercado de Ferrol. Vendía o que mercaba na lonxa e o que pescaban os seus irmáns na baixura. Daquela erguíase todos os días ás cinco e media da mañá para amañarse e darlle o almorzo aos seus fillos aos que logo volvía meter na cama. Deixáballes a roupa preparada ao pé da cama, porque máis tarde unha veciña ía vestilos para que foran á escola. Co-

Chedas prefería saír da casa para axudar á súa nai coa venda de peixe. Ía polas casas da vila e arredores mesmo ten chegado nalgunha ocasión que algún familiar a levaba en coche até Monfero.

llía a lancha das seis da mañá para ir a Ferrol. Xa pola tarde nos veráns levaba aos fillos á Bestarruza para telos entretidos.

Nunha ocasión foi buscar ao seu fillo Luis a igrexa de Mehá porque unha veciña lle dixo que "estaba con malas compañías". Xa de volta atravesou polas Casas Baratas, cando pasaba por debaixo dunha vivenda alguén estaba xusto para baleirar a auga de fregar pola fiestra con tal mala sorte que lle caeu por riba e púxoas coma un pito. Co presumida que era, non sabía onde meterse, non quería que a viran con aquela guisa. Tivo que cruzar media vila enchoupada de arriba abaixo. Andou ás présas para chegar a casa e que non a vira ninguén. A medio camiño decatouse que a casa da súa filla quedaba máis preto ca dela e foi alí onde se cambiou de roupa.

A vida dá ledicias, mais tamén golpes moi duros. A morte do seu fillo máis novo, Rodrigo, foi moi dolorosa. A pesar das dificultades, era unha muller alegre, vital e positiva.

Despois de traballar moitos anos na praza de Ferrol, colleu un posto de venda no mercado de Mugardos.

"AO REMATAR DE MAZAR 100 KGS DE POLBO FUN AO HOSPITAL: TRES COSTELAS FRACTURADAS"

Era unha traballadora incansábel, apreciaba moito a súa profesión: unha tarde mentres mazaba o polbo para vender ao día seguinte esvarou e caeu ao chan. Ergueuse algo dorida do golpe e seguiu mazando os cen quilos de polbo que tiña pendentes. Cando rematou foi ao hospital porque tiña moita máis dor. Resultado: tres costelas fracturadas.

Unha enfermidade afastouna do traballo ao que tantos anos da súa vida dedicou e que tanto amaba. A súa filla Begoña tomou o seu relevo no posto de venda de peixe en Mugardos.



◀ Chedas no seu posto do Mercado en Mugardos.

"TEÑO A CASA MÁIS POBRE, PERO SEMPRE CHEA DE XENTE"

Sempre foi unha familia unida. Chedas sempre tivo unha relación moi estreita cos seus irmáns e irmá. Sempre estivo moi unida á súa irmá Paulina, aínda cando esta xa vivía en Ferrrol, viña todos os días na lancha a Mugardos para visitala. O seu irmán Santiago sempre viviu con ela, para Chedas era coma un fillo máis. En nadal, nas festas do Carme ou en San Xulián sempre se reunían para comeren xuntos toda a familia. Nalgunhas ocasións bromeaba dicindo: "teño a casa máis pobre, pero sempre chea de xente".

Era unha persoa crente e practicante, acudía a misa sempre que podía. Sempre pedía un desexo para antes de morrer: ver casar ao seu neto e á súa neta. Veu cumprido o seu desexo. Os últimos anos de vida pasou tranquilamente na casa da súa filla. Entre elas sempre houbo moita complicidade tanto nos momentos de ledicia coma nos máis tristes. Puido por fin gozar dos netos e da familia, até que a enfermidade apagouna no verán de 2018 con 82 anos.¶



◀ Begoña, Chedas e Mercedes na voda desta.

Unha historia do rock en Bezoucos



César
Ramone

Digo “unha” historia, porque podería ser calquera outra. Con outro fío de acontecementos, ou onde o peso entre Mugaros e Ares estivese máis equilibrado, ou onde saísen máis nomes propios. Esta é, simplemente, unha das moitas perspectivas que se poden ter do que pasa nesta península do Golfo Ártabro desde que alguén enchufou a primeira guitarra eléctrica a un amplificador.

Unha batería e un baixo marcando o ritmo, unha guitarra eléctrica que manda, case canta, unha melodía bailable e unha posta en escea enérxica e desenfadada. Este ben podería ser un xeito de definir que é o rock ou, cando menos, definir o nacemento do rock en Estados Unidos alá pola década do 1950. Ata aquí, a Mugaros e Ares, tardaría algo máis en chegar. Algo máis dunha década. O máis probable é que chegase en barco, nun deses que facían conexión directa Ferrol - Inglaterra. Desde alí, xa entrados nos 60, rapaces vinteaneiros rachaban ca pana subidos a un escenario, ceibando decibelios e grabando discos que vendían como roscas nunha romaría, empregando nomes como *As Cascudas* ou *Os Croios*, que no seu idioma local viña sendo *The Beatles* ou *Rolling Stones*.

DE LOS HALCONES A ILUSION

Aqueles vinilos entraban pola ría sen a custodia oficial da dictadura, mais axiña tiveron suficiente demanda como para que as tendas de discos da cidade comezasen a ofrecer aqueles que si superaban a censura. Certo é que o inglés era unha barreira importante para que os versos de rebeldía fosen bastante menos efectivos. A chavalada mugardesa e aresana dos 60, maioritariamente, non entendía moito do que escoitaba, pero seduciase pola súa sonoridade e a actitude que provocaba. As salas de festas como a de Los Pinares ou o Casino Mugarde pedían sucedáneos en vivo e en directo para amenizar os guateques e foron aparecendo as primeiras bandas dedicadas a tocar versións traducidas dos éxitos chegados de Inglaterra.

Los Halcones é a primeira desas bandas con pleno de compoñentes locais. Preséntanse no 1965 con versións dos éxitos dos *Beatles*, *Fórmula V* ou *Diablos*, pero tamén acompañan artistas de renome cando actúan nas salas da zona. Aquí atopamos a Pepe Mesías, con quen comeza unha saga interminable de bateristas que chega aos nosos días.

◀ Formación de Los Halcones, con Linito, Raúl, Rafa Morgade e os irmáns Julio e Pepe Mesías.

Foto: Darío Mesías





Algo máis tardía será **Revival**, formada por rapaces dos dous concellos provistos de instrumentos “de sexta ou sétima man”¹ e inspirados nos vinilos que mercaban en *Discos Acevedo* de Ferrol. Co tempo, *Revival* bautizouse como **Ilusion**, incorporando moi-

tos máis temas cantados, tamén en galego, con versións de Bernardo Xosé e Xoán Rubia. A banda ofrecía regularmente concertos no Club do Mar, en parte como pago por usar as instalacións como local de ensaio.

▲ Grazas a RadioPermu conseguironse identificar máis de 60 bandas de Mugardos e Ares coas que tentar reconstruír este relato común.

1 Entrevista a Manolo Doval en RadioPermu (radiopermu.org - 17/04/2021).



▲ *Ilusion*, nunha actuación no Casino Mugardés nos anos 70. De esquerda a dereita: Tonucho, Pepe Viñas, Manolo Doval e Kiko Mayobre.

▲ A pista de Los Pinares era unha das principais salas de concertos en vivo nos 70. Organizábanos alumnas do Loyola de 16-17 anos.

▲ O 14 de setembro de 1991 *Factoria* o actuou por penúltima vez no desaparecido Pub Azteca. O derradeiro concerto foi no mesmo lugar ao mes seguinte, xunto cos ferroláns *Hatred*. Montouse tal batalla campal, con despexo policial e ambulancias, que a banda decidiu comezar unha nova etapa como *Wisdom*.

DO LOYOLA Á RECONVERSIÓN NAVAL

A escea musical ferve a cabalo entre os 70 e os 80 co xurdimento do punk e o heavy metal. Estas dúas correntes, e as súas derivadas, van ser desde agora as grandes predilectas da mocidade nesta península ártabra. O rock é un movemento de moda e ata os concellos suben ao carro promovendo os seus propios concertos e festivais. O *Festival Rock de Sada* ou o *Concurso de Rock Cidade da Coruña*, ámbolos dous do 1982, son unha mostra de referencia para toda Galiza. "¡Rockeros, el que no esté coloco, que se coloque... y al loro!" chegou a berrar Tierno Galván sendo alcalde de Madrid. Claro que, poucos anos despois, a chavalada colocada foi caendo como moscas e o que era entretemento volveuse marxinación.

Aquí, na casa, o alumnado do Loyola organiza bailes de fin de curso por onde pasan tanto os *Revival* como Conchi Ramil con Luis Cuba lembrando *Jackson Browne*. O dato é importante tamén por ser a primeira formación con mulleres —aínda que sen nome— da que puiden saber. Cuba forma tempo despois, en Franza, *Los Peques* para versionar a *The Beatles*, *America* ou *Rolling*. Van ser os últimos casos de rock lixeiro que atopemos, deixando xa á marxe *Los Bonitos del Norte* como estilo pop.

"El que vive en Euskadi no puede cantar a las amapolas porque no, porque te están jodiendo todo el día y no puedes cantar tonterías. Entonces haces unas letras y una música de lo que está pasando en la calle".²

A cita de Jimmy Errea para TVE en 1986 tratando de explicar o Rock Radical Vasco valería igualmente para entender o cambio de horizonte nas bandas de aquí. A Ferrolterra sacúdea a reconversión naval e a mesma

droga que consume outras periferias industriais do Estado. A frustración e a carraxe da primeira xeración moza da democracia vaise deixar notar nas vindeiras décadas con moi poucas excepcións no folk-rock e o reggae.

DE CHANTEIRO AO INSTITUTO

O rock local vai rexurdir e endurecerse aínda non rematados os 80, e de xeito rotundo, da man da xeración nacida nos 70, esa que marcou o pico demográfico. *Newborn Devil* é o primeiro cuarteto en aumentar a distorsión das guitarras no 1988. Alí atopamos a Kike Domínguez, un guitarrista virtuoso que o ano seguinte axuda a *Factoria o* a gravar en casete "Mierda", unha maqueta de son punk onde machaca a batería Dario Mesias (fillo daquel Pepe Mesias de *Los Halcones*). Títulos como "Mundo de ficción", "Insumisión" ou "Sanguijuelas sociales" dan idea da rabia e denuncia que conteñen. O fito, ademais, cobra importancia se temos en conta que se trata da primeira gravación de temas propios.

Kike deixa atrás *Newborn Devil* para formar *Los Mejodes* cos irmáns Gus e Wasy Pita. Ensaian primeiro nas antigas escolas da Alianza Aresana e despois en Lubre, instalacións municipais as dúas, e debutan en Chanteiro en 1991. Ao ano seguinte *Factoria o* decide refundarse como *Wisdom* no casete "Abstraction" (1992) reciclando vellas cancións en castelán e engadindo novas en inglés que se achegan máis ao grindcore que os caracteriza. Colaborando nesa maqueta volve aparecer Kike e máis Luis Cuba, quen recomenda gravar os temas con Rafa Pereira, de *Los Limones*. Será un avance do posterior "World into a dream" (1994) integramente en inglés. Nese mesmo ano *Barrok*, cun rock máis melódico e urbano, publica o EP "Tu destino" (1994), que será, a un tempo, o da despedida

2 Jimmy, de Tijuana in Blue, para a reportaxe "El rock duro del norte" de TVE2 (1986).



O rock local vai rexurdir e endurecerse aínda non rematados os 80, e de xeito rotundo, da man da xeración nacida nos 70, esa que marcou o pico demográfico.

de Kike e o salto a telonear *Burning* e *Los Suaves*.

A esta nova fornada de rapaces préstalle a distorsión pero xa non só para escoitála, senón tamén para contar cousas. Para falar de como ven a vida. E claro, os colegas que quedaron tirados polo camiño atopan lugar nos seus versos, como escribe Kike en "La moto":

*Y ahora ves que es muy tarde
Te has pasado con la velocidad
No has seguido las reglas
Esa meta no podrás lograr.*³

Os 90 son anos de eclosión. Non hai demasiada diferenza entre grupo de rock e grupo de amigos. Tampouco hai entre local de ensaio e local social. A chavalada pasa tardes enteiras en alpendres particulares ou escolas unitarias, como a de Fieiteiras ou o Novás, redecoradas a base de amplificadores, baterías, guitarras e baixos. O ambiente é propicio para que abrollen as composicións, e abrollan. Desde Ares **Malas Compañías** grava "Apocalipsis" (1996), unha maqueta de temas en castelán e sabor a heavy metal con odas a anxos caídos.

O Instituto de Mugar dos, inaugurado no 1989, catalizou boa parte do panorama rockeiro neses anos mesturando alumnado mugardeés

e aresano ata facelo indisoluble. Ese mesmo alumnado tomou as rendas da actividade cultural editando fanzines onde entrevistaban ás bandas dos compañeiros de aula. Aí nace a idea do *I Macroconcerto Rock no Instituto* (ao xeito dos concertos de fin de curso do Loyola, pero en macarra e no propio centro educativo) onde actúan como cabeza de cartel os **Malas Compañías** subidos a ceo aberto nun escenario de pupitres. Antes deles tamén o fan **Lakón con Grellos**, **Eskizo-Rock**, **Arume** e **Dragon Peta**. Son bandas efémeras que transitan o hard rock, o rock bravú ou agro-punk —nin rastro do grunge que arrasa a esa altura, como se Bezoucos tivese alerxia ao mainstream— ás que podemos sumar o punk de **Paramilitar**. **Del Kojón** edita ese ano a maketa homónima "Del Kojón" (1996) cun himno coral e cachondísimo aos *Arruxo Boys* e o Numancia de Ares que arranca con versos de Rosalía de Castro. Son formacións, na súa maioría, de rapaces de secundaria, incorporando en ocasións o galego en letras que falan do día a día propio da idade.

*Os primeiros rumores do cambio de sistema xa nos auguraban que habería problemas. Van facé-las aulas como nas pelis de yanquis que van polos pasillos cambiando en cada clase.*⁴

Entre estes alumnos atopamos a Simón García (**Lakón con Grellos** e **Eskizo-Rock**) consagrado hoxe como compositor de contrabaixo de prestixio mundial pero daquela botado ao punk pulpeiro. A este ambiente musical tamén contribúe de xeito notable o *Xabarin Club* da TVG, que entretén as tardes descubriendo a nenos e maiores bandas galegas como *Herdeiros da Crus* (Ribeira), *Diplomáticos de Monte-Alto* (A Coruña) ou *Blood Filloas* (Fene).

▲ "Abstraction" foi a segunda maqueta gravada en Bezoucos, daquela en formato casete.

▲ Os *Wisdom* moneando no local do Novás con Kike Domínguez no 1991.

Foto: Dario Mesias

▲ *Malas Compañías* actuando sobre pupitres e a ceo aberto no *I Macroconcerto Rock no Instituto* no 1996.

Foto: José Santos

³ "La Moto", do EP "Tu destino", Barrok 1994.

⁴ "O novo sistema de taquillas implantado no Instituto por Alfredo, polo que pedímo-la súa dimisión", de *Dragon Peta*, 1995.

Polo instituto haberán de pasar ao ano seguinte **Evergadura**, **Newt** e **Deja-Vu**. Este último é un dos dous novos proxectos cos que reaparece Kike Domínguez logo de deixar *Barrok*. Tamén o máis persoal, algo que vai quedar rexistrado na maqueta "Un sueño hecho realidad" (1997). Os escasos medios técnicos cos que se grava, nun alpendre, non frean as gañas de experimentar un rock de melodías complexas e colaboracións esteleares: Fran Rey poñerá os teclados en varios temas e a *Coral Mugardeza* as voces no final estilo góspel de "Perdido en la esperanza". O outro proxecto musical paralelo a *Deja-Vu* será **Torquemada**, un heavy máis clásico e acelerado que se presta ao virtuosismo do guitarra solista mugardeés e onde debuta Manuel Ramil no teclado —irman de Conchi Ramil—. Tamén deixan gravado "Santa Inquisición" (1997).

A década e o século van rematando, pero tras de si queda unha das épocas máis fértiles do rock en Bezoucos. Formacións post-adolescentes compoñendo e subindo ao escenario con descaro, maquetas gravadas con pouquiños medios pero unha ilusión tremenda, bolos impensables hoxendia no Voto de Chanteiro, Festas do Carme, Instituto e ata o colexio de primaria Conde de Fenosa, onde tocan *Deja-Vu*, *Malas Compañías* e *E.N.D.* por 500 Pts a entrada. Tremendo.

DE MONTEFARO AO FESTIFOLK

A primeira década do novo século será a da maduración persoal, social, tecnolóxica e musical de moita desa rapazada dos 90. Esa maduración vaise transformar en festivais autoxestionados, publicacións moito mellor producidas nos estudos de gravación que van abrindo na comarca, e "interaccións" cos representantes políticos non sempre fructíferas.

Do 2003 ao 2009, pero de xeito intermitente, celébrase o *Montefaro Festival*, con acampada incluída, por onde desfilan dúcias de bandas metaleiras. Tira do carro *Thanatos*, onde Berto e Txus dan comezo a un tándem dos máis fructíferos do panorama. Nesta banda atopamos a Ana ao baixo, primeira muller desde os tempos de Chonchi Ramil. Polo campo do mosteiro han pasar *Ébola*, *Wisdom*, *Pinnacle* —reggae coruñés coa mugardeza Antía Hevia ao saxo—, *Sin Tregua*, *Lied* e *Against* en carteis que pechan con referentes estatais como *Manolo Kabezabolo* ou *Obús*. O festival remata bruscamente no 2010, cando Julio Iglesias, o alcalde de Ares, decide cancelalo en vésperas por unha "diferenza de méritos" cos promotores.

► *Wisdom* (aka *Windsor*) acompañou a *Los Mejodes* no seu debut en Chanteiro.

►► No 1996 celebrouse o primeiro dos dous macroconcertos organizados no Instituto.

► Os alumnos editaban o seu propio fanzine cunha sección dedicada á actualidade e entrevistas a grupos.



►► O colexio Conde de Fenosa foi escenario dun concerto anunciado de tal guisa...

► O *Festival de Montefaro* iniciouse no 2003 e foi o primeiro en durar dous días.

►► En 2008 o *Festival de Patria* reuniu as bandas locais na Pedreira. Foi o último gran evento rock en Mugarbos.

► O *Beira Rock* celebrouse en 2012 convocando catro bandas orixinais, tres delas mugardezas.

►► O *Festifolk* tomou relevo en San Xoán de Piñeiro de 2007 a 2012, este último ano precedido do *Festi-Rock*.





▲ Os Barrok fixéronse teloneiros habituais de bandas como Los Suaves e Barrikada cando pasaban pola comarca.

Foto: Gus Pita

En Mugardos, con Evaristo Deus a cargo da Concellaría de Mocidade, prográmase o *Peirao Rock* no 2006 e 2007, onde se constata o gusto polo metal nos mugardeses. Con Evaristo iniciábase tamén a reforma da escola do Novás para facer dela un edificio multisalas equipado para grupos noveis. Estes poderán ensaiar de balde a cambio dun concerto anual —lembrando a relación do Club do Mar cos *Revival* dos anos 70—. Porén, o ambiente está enrarecido a causa da construción dunha planta de gas. Parte da veciñanza mobilízase no xudicial, pero tamén no musical, promovendo os seus propios concertos. Nun deles *Ébola* —que ven de publicar “Todo se desfai en merda” (c. 2005)— ha de agasallar con “orGASmatron”, brutal versión de *Motörhead*. **Punto Crítico** tampouco desaproveitará ocasión de cantar a súa opinión no *Festival da Patria* do 2008.

*Han robado nuestras tierras
y pisado nuestros pastos.
Quieren comprar con dinero
a los cargos del Estado.
Las leyes no existen
para el cerdo adinerado.
Contaminan nuestro pueblo
con los tanques de gas licuado.*⁵

Casualidade ou non, este *Festival da Patria*, organizado polo Concello e celebrado no campo de fútbol da Pedreira con *Astarot* como cabeza de cartel, marca o inicio da ausencia de bandas locais na programación cultural.

5 “Planta de gas”, de *Punto Crítico*, 2008, máis tarde renomeado como *Nicho*.

Durará seis longos anos, durante os cales nin sequera se bota man do convenio co que se inaugura o local do Novás no 2009. O Concello chegará, incluso, a suxerir o cobro dunha taxa económica en substitución do pago en actuacións. Os grupos erguen a voz co convenio asinado ao seu favor e a cousa queda en nada, pero xa non volverán celebrarse eventos exclusivamente rock en Mugardos.

Quen si colle o relevo da autoxestión con apoio institucional é o Festifolk, que desde o 2007 ao 2012 leva o folk-rock á parroquia de San Xoán de Piñeiro. Esta versión folkie do rock supón un punto e aparte respecto do

O Festival da Patria, organizado polo Concello e celebrado no campo de fútbol da Pedreira con *Astarot* como cabeza de cartel, marca o inicio da ausencia de bandas locais na programación cultural.

metaleo predominante que chega da man de ***Estimaba Que Viñeras*** como banda impulsora. Non xorde da nada, pois hai experiencias anteriores de mestura entre gaitas e distorsión: ***Roncarela***, ***Lume Folk***... Polas noites de San Xoán soan eses anos as guitarras de *Ultråqäns* ou *Ruxe-Ruxe*, que repiten. Na súa derradeira edición, no 2012, celébrase un Festi-Rock previo onde participan os trash-metal ***Cadaleito***.

Dicía que a maduración chega tamén no musical. A *Barrok* atopámolo agora con Wasy Pita compoñendo temas que transpiran un rock duro que lembra a *Los Suaves* e *Barricada*. A uns e outros telonéanos desde hai

▲ A loita contra a planta de gas tamén promoveu concertos no Campo dos Carneiros durante algúns anos.

Foto: Ángel Pena



◀ *Os Sin Tregua* foron unha das primeiras bandas formadas por rapaces nados nos 80.

Foto: *Sin Tregua*



◀ *Evilway* xuntou aos irmáns Gus e Berni Pita, Alberto Carbonell, Txus, Randy e Montxo.

Foto: *Evilway*



◀ *Innocents e Bis y Los Oportunistas* foron dous proxectos paralelos que tributaron *Extremoduro* e *Leño* entre 2010 e 2015.

Foto: *Silvia P.*



◀ *Pölisong* botou man dos estudos *Tercera Planta* de Manuel Ramil para gravar o seu último disco.

Foto: *Pölisong*



◀ *Fendecha*, foi o único tributo punk, malia ser un dos estilos que máis gustan na nosa península.

Foto: *Fendecha*

algúns anos cando pasan pola comarca. *Wisdom* publica "Que te confunda o demo" (2003) mudando o inglés polo galego para consagrarse como banda de culto na escea extrema do país. Aquel Manuel Ramil que deixamos en *Torquemada* preséntase no 2002 a unha audición para teclista de *Warcry* que convence aos power-metal asturianos, dando o salto ao panorama estatal. Con eles será elixido "mejor teclista nacional" nos Premios Radial do 2005. O trash-metal de *Trashnos*, con Raúl Pena (*Lakón con Grelos, Deja-Vu*) no baixo entre 2005 e 2010, tamén viaxará máis alá de Pedrafitas presentando "Recuerdos del futuro" (2009), ademais de participar no disco "Tributo internacional Kraken" (2007). *Evilway* forma un auténtico dream-team peninsular para gravar "Every Evil Way Goes To Nowhere" (2010). *Taru e os Paxaros Coiro* poñen sintonía reggae ao *Aberto por reformas* de Xurxo Souto (2006-2009) na Radio Galega e inclúe un tema no disco homenaxe aos *Diplomáticos de Montealto* "120 Capadores" (2007). O salto na proxeción é evidente.

DA CRISE Á PAZ

Pero se nos 80 a reconversión naval daba unha boa hostia na comarca, a Gran Recesión do 2008 vai pegar unha tunda en medio planeta. Por suposto, tamén se nota nestes lares.

Son anos marcados pola fin dos festivais e a proliferación de bandas tributo en toda Ferrolterra. Os cartos escasean e os cachés rebáixanse, polo que as versións de éxitos musicais volven poñerse de moda. Tocar temas coñecidos polo público xera confianza nos locais que promoven concertos e para os músicos é un aforro de tempo e aumento de rendibilidade. A diferenza respecto dos anos 60 e 70 é que agora estílese máis dedicar todo o repertorio a unha soa banda.

O Club do Mar, despois de décadas, volve ser punto de referencia musical desde 2011. No 2012 comezan as Xuntanzas Moteiras en Ares. Meá recupera a súa Comisión de Festas no 2013. Todos apostan por tributos locais: *Satán y Coplán* (*Barón Rojo*), *Rockaway* (*Dire Straits*), *Innocents* (*Extremoduro*), *Bis y Los Oportunistas* (*Leño*), *Fendecha* (*Cicatriz*) —tamén estaban *Los Gallagher* (Rory Gallagher)—, que irán dando paso, en anos sucesivos, a bandas foráneas e ata música discotequeira.

Os eventos que se prestan son bastantes menos que antes da crise. Son anos escuros que a ciencia económica di que rematan a partires do 2014. E pode que a ciencia rockeira tamén. Para daquela *Wisdom* ten na rúa un novo longplay —"Podre" (2011)—, saca un sinxe-



lo —"Os Podres" (2014)— e co-protagoniza un documental sobre o death-metal galego "Escuros, rancos e compasados" (2012), de *Chucketta Entertainment*. O LP "Os Podres" (2011), cunha portada que lembra o "Scum" (1987) dos seus admirados *Napalm Death*, terán ocasión de presentalo no Beira Rock do 2012. Alí, no Seixo, atopamos un oasis de compositores orixinais entre o páramo de tributos onde tamén actúa *Estimaba Que Viñeras* e *Cadaleito*.

Pölisong, que nace no 2011 con Juan Vázquez ao baixo (*Satán y Coplán*, *Rockaway*, *Los Gallagher*, ***Cock a Doodle Doo***, ***Dark Inside***), estrea consecutivamente "Strenght and Soul" (2014) e "High" (2015) cunha proposta de rock clásico potentísima que os fará compañeiros habituais dos ingleses *The Quireboys* nas súas incursións polo Estado. Iago Triana —que pasara polo Montefaro Festival con *Sin Tregua*— comanda desde a súa guitarra o EP "Blood's not enough" (2015) dos ***Rottentown***. É un dos representantes da nova fornada nacida nos 80 onde tamén está Iván Mesías —sí, da saga de bateristas Mesías— e Álvaro Lamas (*Sin Tregua*) formando ***Marthyrium***. Este trío de black-metal en inglés, que xa se estreara no *Peirao Rock* 2006, conságrase agora cunha música que explora as profundidades da mente, do subconsciente, e unha proposta escénica moi coidada visualmente que os leva actuar ata Portugal, Holanda ou Italia. Este coidado estético vaise

▲ A proposta escénica de ***Marthyrium*** bota man de música e efectos de luz para crear un ambiente inmersivo no seu black-metal.

Foto: *Destroyer of Cosmos*

► Cartaz da súa xira "Abominations Over Italy" que os levou ata Como e Verona.



comprobar tamén no cartafol do seu EP "Morbid Omen of Devastation" (2008), o sinxelo "Psalms of Plagues & Cult of Death" (2013) e, por fin, o LP "Beyond the Thresholds" (2017).

Mugardos e Ares parecen recuperar a paz perdida entre bandas e concellos. No norte os grupos noveis que ensaian no Novás volven atopar oco na programación festiva. O número de bandas que actúan entre 2014 e 2016 dá fe de que o local de ensaio ten uso: ***Inertia***, ***Terrapatrás***, ***Bis*** y ***Los Oportunistas***, ***Innocents***, ***Cadaleito***, ***Wisdom***, ***Barrok***, ***Malatesta***, ***Lume no Faiado*** e ***Kelpie***. No sur o paso de Gus Pita (***Barrok***, ***Evilway***) polo goberno municipal déixase notar. Con el nace e morre o ***Rock in Ares***, que se celebra en 2016, 2017 e 2018. Tres edicións nas que o pleno de bandas orixinais da primeira —***Pölisong***, o propio ***Barrok***, ***Wisdom*** e ***Zénzar***— acabará cedendo ata o pleno de bandas tributo da última, pero sempre fiel ao estilo.



◀ Na primeira formación de *Cranio* o baixo corría por conta de Nerea, unha das poucas mulleres en formacións locais.

Foto: *Satán y Coplán*.

DE YOUTUBE A RADIOPERMU

A Gran Recesión de 2008 acelera outros cambios. A venda de CDs leva anos en caída libre. En 2015 son superados polos formatos dixitais no número de vendas, xa non digamos de reproducións. As plataformas dixitais son a nova canle para darse a coñecer. De entre elas, para as bandas, comezan a destacar Facebook como punto de encontro co público en xeral; Spotify como emisora de música á carta; e YouTube como medio ideal para publicar videoclips.

Realmente, Spotify ten algúns filtros previos, polo que non todos os grupos queiren ou poden entrar na plataforma. Si o fan *Evilway*, *Trashnos*, *Pölisong* e, xa noutro rango de audiencia, aqueles onde participa Manuel Ramil: *Warcry*, ***Sauze***, ***Avalanch***, ***Adventus*** e agora tamén ***Mágo de Oz***. YouTube será moito máis accesible nese aspecto, permitindo subir contido orixinal a calquera usuario. *Wisdom*, como non, van ser os primeiros en explorar o videoclip gravando “Xerme” (2015) nas baterías do Segañó.

Alma de Piedra, o novo proxecto de Wasy e Berni Pita, logo da disolución de *Barrok*, edita o disco homónimo “Alma de Piedra” (2019) e a partir del grava o vídeo “Héroes del rock” (2020). ***T-Bras*** fai outro tanto con “Frío” (2019) montando sobre a pista que publica no disco “Ensaio en Mugarbos” (2019). Este trátase dun proxecto que pretende recoller un par de temas de cada unha das bandas que utilizan o local municipal⁶, como unha alternativa, proposta por quen escribe estas liñas na Comisión de Seguimento do Novás entre Concello e músicos, fronte os concertos que volven atascarse no calendario. Ademais, ten a intención de servir de base, en anos sucesivos, para promover a creación audiovisual

Os confinamentos aceleran a creación audiovisual e ao primeiro videoclip de *Wisdom* súmanse agora os de *Alma de Piedra*, *T-Bras*, *Pölisong* e *Os Toxos da Rue*.

financiando os correspondentes videoclips, ao estilo do que a CRTVG facía no *Xabarin Club*. O resultado, sen embargo, queda en 6 temas gravados por *Cadaleito* (2, en galego), *Malatesta* (1, en galego), *T-Bras* (1) e ***Os Toxos da Rue*** (2) no estudio Anca de Víctor Gacio.

Estamos ás portas da pandemia do Covid-19 que en marzo de 2020 interrompe absolutamente todo durante ano e medio. Pero xustiño antes de estoupar vemos nacer aos ***Poison Dagger***, que poñen na rúa —e no Spotify— o EP “Looking for a Fate” (2020) impregnado do heavy metal clásico que volve saír da voz e guitarra de Iago Triana.

Os confinamentos aceleran a creación audiovisual. *Alma de Piedra* publica os videoclips “Hijo del miedo” (2020) e “No quieren ver” (2022). O grande hit —case 10.000 reproducións en xuño do 2022— chega da man de *Os Toxos da Rue* con “Planeta Toxo” (2021), unha peza que desborda creatividade, humor e referencias mugardezas, co cameo da lanzadora olímpica Belén Toimil incluído. O hip-hop da nova banda de Jucho (*Sin Tregua*, *Punto Crítico*) pasa o corte rock cunha base instrumental digna de *Def Con Dos*.

Pölisong súmase ao formato vídeo con “Electric Girl” (2020) e “Soul Revolution” (2020) sobre pistas gravadas nos estudos *Tercera Planta* de Ares, onde Manuel Ramil exerce de produtor desde 2018. De aí, de *Tercera*

6 Idea baseada no disco “K.G.A.R. ...sen axuda” (1996) publicado polo *Kolectivo Grupos As Pontes Rockeiros*.

Planta, vai saír “A tunda abierta” (2021) (tamén Spotify) para consagrar a **Cranio** como unha pedazo de banda de hard-rock bezouqueiro con letras que piden abrir o tercio de cervexa.

Montañas de huesos de churrasco invaden todo mi jardín.
*Botellas de tercio y cartones de vino y una cabeza de jabalí.*⁷

E entre pandemias e confinamentos xorde da Internet algo tan anacronicamente xenial como unha emisora de radio en directo, local, case anárquica, que comeza pinchando clásicos do metal e entrevistando xente de Mugarbos e Ares: RadioPermu⁸. Nela a “familia Ramone” retransmite apenas durante dous meses ao ano, pola primavera, desde 2020 ata 2022, e pecha cada tempada cun programa especial sobre o rock local que dispara a súa audiencia habitual. É a través destes programas como se dá recollido a meirande parte da información desta historia que remata aquí, agardando que alguén, algún día, teña a ben mellorala, corrixila, ampliála para darlle longa vida ao rock. ¶

7 “Montañas de huesos”, de *Cranio*, 2021.

8 www.radiopermu.org

Agradecementos especiais a Darío Mesías, Gus Pita, Raúl Pena, Manolo Doval, Luis Cuba, Jucho, á crew de RadioPermu (Permu Ramone, Pablo Ramone, Monik Ramone, Painful, John Rocktalidon e Txus Ramone) pola turra durante meses, á rockeirada que se deixou entrevistar e a xente toda que achegou un pedaciño de Historia a esta historia.

▼ RadioPermu emite en directo desde 2020 dedicando programas especiais ao rock de Mugarbos e Ares.

Foto: Grungie no Especial Yggdrasil.



10 DISCOS PARA 10 FITOS


MIERDA *Factoría 0*, 1989

Primeira gravación coñecida de temas propios dunha banda local que axiña se transformará en *Wisdom*.



TU DESTINO *Barrok*, 1994

Kike Dominguez compuxo os temas que seduciron a *Burning* e *Los Suaves* para escoller aos de Bezoucos como teloneiros.



APOCALIPSIS *Malas Compañías*, 1996

A voz de Santos no seu esplendor nun disco que pasou polas casas de toda a chavalada da época.




UN SUEÑO HECHO REALIDAD *Deja-Vu*, 1997

Rock progresivo inzado de cambios de ritmo, efectos e colaboracións de Fran Rey e unha sorprendente *Coral Mugardesa*.



EL SELLO DE LOS TIEMPOS *Warcry*, 2002

Estrea de Manuel Ramil coa banda asturiana. Os seus teclados fanse protagonistas desde a primeira pista do disco.




QUE TE CONFUNDA O DEMO *Wisdom*, 2003

Primeiro LP rock cantado en galego por unha banda mugardesa. 9 temas que talarán alaridos grindcore.




EVERY EVIL WAY GOES TO... *Evilway*, 2010

Un oasis en tempos de tributos. Unha demo de 6 temas con sabor a *Helloween* e *Iron Maiden*.




BEYOND THE THRESHOLDS *Marthyrium*, 2017

Probablemente o longplay máis internacional dunha banda sen discográfica nacida en Bezoucos.




ENSAIO EN MUGARDOS *Varios*, 2019

Primeira publicación colectiva, con *Cala-leito*, *Malatesta*, *T-Bras* e *Os Toxos da Rue* como usuarias do local do Novás.



A TUNDA ABIERTA *Cranio*, 2022

Último álbum publicado ata a data deste artigo. Os de Berto e Txus gozan e fan gozar. Ollo a “Montañas de huesos”.





Por el camino de Modesto

Mugardos 1912 - Necochea 1981



**Bernardo
Máiz
Vázquez**

En xaneiro de 2013 contactou conmigo o cineasta arxentino Sebastián Deus, que pedía a miña axuda profesional para seguir o rastro do seu avó mugardés, Modesto Deus Domenech, con idea de reconstruír cinematograficamente o seu percurso vital.

De Modesto ben pouco máis sabía que fora mariñeiro na armada republicana, que chegara a Arxentina dende Francia, que nunca regresara a Galiza e que "Cuando a mi hermano se le ocurrió sacar el pasaporte español, allá por 2000, nos dimos cuenta de que la partida de nacimiento de mi papá nos decía que no era español sino 'hijo de refugiados españoles', una situación que cambió todo". Nas datas Sebastián Deus (Buenos Aires, 1972) tiña dirixido varios documentais, destacando "Tvutopía" (2011), sobre unha cadea de televisión veciñal, e viña de rematar "El regreso de don Luís", recollendo a biografía dun ferroviario que, retirado, se reafirma nas

súas raíces indixenas. Sinaloume Sebastián que quería facer o camiño inverso ao do seu avó e que viría a Europa dous meses despois.

Cando chegou a España na compañía do seu amigo e cámara Martín Frías, puiden confirmarlle que tiña documentado que o seu avó combatera activamente ao fascismo na guerra civil española e -probablemente- contra os nazis na Francia ocupada. Nas semanas seguintes, e cun itinerario axeitado, Sebastián e Martín recorreron e rodaron os lugares de España e Francia (nomeadamente Madrid, Barcelona, Argelés-sur-Mer, Lourdes, Ferrol, Mugardos...) que marcaran a vida de Modesto Deus Domenech.

En abril de 2013 chegaron Sebastián e Martín a Ferrolterra, entreguelles os documentos militares do seu avó que dera conseguido nos arquivos da Armada, fomos a Mugardos e falamos moito, axustando no posible a historia de Modesto Deus Domenech.

DE MUGARDOS A NECOCHEA

Modesto Deus Domenech ingresou na Armada rematando 1931 e foi confirmado como fogueiro preferente en outubro de 1935. Cando comezou a sublevación militar-fascista de xullo de 1936, Modesto estaba a bordo do destrutor "José Luís Díez" e formou parte do Comité que mantivo o buque para a República. En xaneiro de 1937 pasou ao cruceiro "Libertad", en 1938 ao "Miguel de Cervantes", sempre na "Plana Mayor" de bordo. Despois dun tempo breve en Madrid, foi destinado á Defensa Marítima de Cataluña, casando nese ano 1938 con Teresa en Barcelona. Non din con ningunha referencia documental posterior.

O 23 de decembro de 1938 as tropas de Franco comezaron a "campaña de Cataluña". Tomaron Tarragona o 14 de xaneiro de 1939 e comezou o éxodo republicano cara a Francia, onde fuxiu Teresa, esposa de Modesto Deus, establecéndose en Lourdes, Altos Pireneos. Barcelona caeu nas mans dos sublevados o 26 de xaneiro, Gerona o 4 de febreiro e as tropas franquistas chegaron a fronteira francesa o 10 de febreiro. Nesas dúas semanas fuxiran dende Cataluña a Francia máis de 250.000 persoas, civís e militares, un deles Modesto Deus Domenech, de quen sabemos de chegada a Francia a nado dende as costas

de Portbou: "escapó de la guerra, se metió en el mar, costeando, unas veces en tierra, en cuevas y otras en el agua".

Como a milleiros de exiliados, as autoridades francesas internaron a Modesto no campo de Argelés-sur-Mer, mais o estatus legal como refuxiada da Teresa en Lourdes permitiu que Modesto saíra do campo a finais de 1939 ou comezos de 1940 para establecerse obrigatoriedade en Lourdes, onde naceu o seu fillo. Entre 1941 e 1945 Modesto colaborou coa resistencia antinazi e traballaba como xastre, oficio que continuou rematada a IIª Guerra Mundial e posteriormente na Arxentina, onde Modesto, Teresa e o seu

Entre 1941 e 1945 Modesto colaborou coa resistencia antinazi e traballaba como xastre, oficio que continuou rematada a IIª Guerra Mundial.

fillo emigraron en 1949, establecéndose en Necochea, cidade a máis de cincocentos quilómetros de Buenos Aires e próxima a Mar del Plata; anos despois, Modesto chamou ás súas irmás mugardesas, Clotilde, Mariluz e Angelita. A morte do pai de Sebastián en 1972 amornou os vencellos familiares, que o pasamento do propio Modesto en 1981 tronzou de xeito definitivo.



◀ Bernardo Mâiz e Sebastián Deus estudando a pista de Modesto nun momento documental.

DE NECOCHEA A MUGARDOS

"Mi viejo murió en un accidente de autos cuando yo tenía días, y con eso se cortó el lazo con la familia paterna, porque quedaron muy pocos, y en casa nadie sabía que mi papá había nacido en Francia. (...) Mi papá llegó aquí con su padres, es decir mis abuelos ... mi mamá me cuenta que mi papá nunca le contó nada de la guerra, ni anécdotas ni nada, habiendo vivido hasta

los nueve años en Francia. Me preguntaba por dónde empezar cuando no hay datos ni fotos, ni gente que pudiera contarme qué había pasado. Entonces, fui a Necochea porque el certificado de defunción así lo indicaba. Allí encontré su tumba sin ninguna placa recordatoria. Tomé la decisión de desandar el camino que había hecho mi abuelo en forma inversa ya que no sabía nada de su historia".

► Veciñas de Mugardos contribuyeron con seus testemuños a reconstruir a biografía de Modesto polo seu neto.



Sebastián Deus rueda en Mugardos un documental sobre su abuelo exiliado


Sebastián Deus se ha traído de la ciudad argentina de Necochea varias caracolas que deposita en los lugares por los que transitó su abuelo paterno, Modesto Deus Domenech, nacido en 1912 en Mugardos. De regreso a América se llevará otras tantas de Galicia para colocar en su tumba, aclarados ya muchos —no todos— de los interrogantes que rodean a una figura que no conoció. Su padre, también Modesto Deus, falleció cuando él era un bebé y perdió todo contacto con esa rama de la familia. Comenzó a hacerse preguntas y a investigar y descubrió una historia de vida extraordinaria, vinculada a la Guerra Civil (...) Sebastián rueda un documental titulado "Por el camino de Modesto" en el que reconstruye la biografía de su abuelo haciendo la ruta inversa a la que lo llevó hasta Necochea.

Estos días está en Mugardos junto con su cámara, Martín Frías, para grabar su villa natal, el mar que veía desde niño, y la base naval en la que empezó su carrera militar, primero haciendo el servicio militar (en 1931) y después como profesional.

Nos dice Sebastián que "En Argentina hay muchísimos emigrantes gallegos, para mí era

algo genérico, pero mi abuelo no era solo un emigrante sino un exiliado que tras haber ingresado en la Marina y luchar en el bando republicano, pasó varios años en Francia (donde nació el padre de Sebastián), y recaló en Argentina en 1949, donde acabó ganándose la vida como sastre sin que se le conozca desde entonces ninguna actividad política ni interés, siquiera, por integrarse en asociaciones de emigrantes. Ni una palabra más se le escuchó nunca sobre la guerra".

Para despejar las lagunas sobre su vida contó este realizador con la ayuda del historiador Bernardo Máiz para contextualizar y completar la historia de un hombre que pertenecía a una familia vinculada a la CNT y al PC, el con formación política y que estuvo relacionado con la Resistencia a la ocupación nazi en Francia, aunque este capítulo de su vida, al menos entre 1940, en que nace Modesto hijo en Lourdes, y 1949, cuando la familia llega a Argentina, es el más oscuro. Ninguna familia directa queda ya a quien preguntar, pues Modesto los reclamó a todos desde América. (Entrevista de María Jesús Rico, 3 de abril de 2013, "Diario de Ferrol")



FICHA TÉCNICA

TÍTULO ORIGINAL

Por el camino de Modesto

AÑO

2014

DURACIÓN

131 min.

PAÍS

Argentina

GUIÓN, DIRECCIÓN E MONTAJES

Sebastián Deus

FOTOGRAFÍA

Martín Frías

PRODUCCIÓN E LOCACIONES

Leo Hussen

Magdalena Grilli

SON

Lucho Corti

COMPAÑÍA PRODUCTORA

Ocellus Documental

INTÉRPRETES

Modesto Deus

Sebastian Deus

Maria Isabel Buceta

Bernardo Máiz Vázquez

Veciñas de Mugaridos

A película

Nese documental está a historia do mugaridés Modesto Deus Domenech, un máis da longa nómina de quen defenderon a legalidade republicana, as liberdades, a democracia, e por tal sufriron morte, cadea, depuración, exilio...

"Con todo lo que descubrí debería volver a rodar. Se abriu mucho más campo y lo ideal sería hacer un nuevo viaje para poder completar el camino". (Entrevista de María Jesús Rico, 3 de abril de 2013, "Diario de Ferrol").

"Mi abuelo fue un héroe de guerra, un tipo muy valiente, marinero de la armada republicana y militante político muy comprometido con la República. Al cruzar luego a Francia, debió enfrentar al Nazismo, su participación en la resistencia Francesa que fue confirmada por un historiador de allá. Lo sorprendente fue descubrir el increíble periplo que hizo mi abuelo. Al llegar acá nunca se lo contó a nadie, ni siquiera a sus amigos más cercanos". (Entrevista de Pablo Arahuete a Sebastián Deus en "Cine freaks", 2014).



Ignacio
Fernández



Baliza «Castelo da Palma»



A Constitución española, de 1978, establece no seu artigo 149:

“O Estado ten competencia exclusiva sobre as seguintes materias:

20.^a Mariña mercante e abandeiramento de buques; iluminación de costas e sinais marítimas; portos de interese xeral, aeroportos de interese xeral, control do espazo aéreo, tránsito e transporte aéreo, servizo meteorolóxico e matriculación de aeronaves”.

O estado español delega esta competencia de sinalización marítima, a través da lei 27/1992, de 24 de novembro, de Portos do Estado e da Mariña Mercante, nas autoridades Portuarias, Entes Públicos do Estado que administran os servizos portuarios dos portos españois de interese xeral.

As Autoridades Portuarias españolas repártense toda a costa do país en zonas de competencia en sinalización marítima, xestionando, administrando, mantendo e inspeccionando todas as axudas á navegación da súa zona de competencia.


A Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao ten asignada como zona de competencia en sinalización marítima toda a costa NW de Galicia, entre Punta Carboeira (Pontedeume) e a marxe galega da ría de Ribadeo; isto supón 370 Km de costa.

Nesta zona competencial existen 150 sinais de axudas á navegación, das cales a

Autoridade Portuaria administra directamente 50, as 100 restantes forman parte dos portos pertencentes á Xunta de Galicia, e balizamentos pertencentes a empresas privadas: Reganosa, Navantia, Alcoa; tamén balizamentos do ministerio de Defensa: Arsenal Militar, así como balizamentos de instalacións de acuicultura, pero todos baixo a supervisión e inspección da Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao como administradora do estado nesta competencia.

Das 50 sinais que xestiona, administra, e mantén a Autoridade Portuaria de forma directa 9 son faros de costa, 4 son balizas illadas sobre illotes no mar, 15 son boias, e o resto son balizas de costa ou de balizamento de peiraos portuarios (porto interior e porto exterior de Ferrol).

Ademais, existen dúas estacións AIS que son as siglas en inglés de Sistema Automático de Identificación; este é un sistema para ver a posición, o rumbo e a velocidade



dun buque; naceu para evitar colisións de embarcacións no mar en condicións adversas de visibilidade. Estas estacións base atópanse nos faros de Punta Candieira (Cedeira), e Punta Estaca de Bares (Mañón), ademais de existir tamén unha estación de posicionamento DGPS neste último faro.

Unha vez presentado este contexto de actuación no que desenvolvo o meu traballo como responsable, vou centrarme na historia da *Baliza Castelo da Palma*, localizada neste Concello de Mugardos, chamada así na actualidade, antigamente Faro Castelo da Palma.

Esta diferenciación entre faro e baliza, sendo ambas instalacións estruturas que dan soporte a unha luz de sinalización marítima, ven establecida por unha norma de Portos do Estado que di: "Se considerará Faro toda luz de alcance igual ou superior a 10 millas náuticas, e baliza a que teña un alcance inferior a este".

Esta distinción por alcance na súa denominación foi a que renomeou este Faro e converteuno en *Baliza Castelo da Palma*, xa que a súa luz ten un alcance de 5 millas náuticas.

Antigamente era un faro de 5ª orde, segundo un sistema de clasificación no que se tiña en conta o tamaño da óptica e o alcance da luz.

Con un orzamento de **85.196,18 reais**, o proxecto aprobouse por Real Orde do **10 de abril de 1861**.

Baliza Castelo da Palma

A instalación dun faro de 5º orde nas proximidades do Castelo da Palma planificouse para sinalizar o acceso á ría e ó porto de Ferrol, adiantándose ata unha das partes máis estreitas da ría e co fin de balizar un perigoso baixo, coñecido como baixo da Palma; desta forma completaba a iluminación dunha ría que xa contaba na súa entrada co faro de Poriño Chico e que, para o atraque no propio porto disporía, en 1865, dun fanal instalado sobre o martelo do novo peirao de Curuxeiras.

O faro situouse a un centenar de metros ao NE do Castelo da Palma, do que toma o nome. Érguese sobre unha plataforma de cachotaría, na beira do mar. Celedonio Uribe, enxeñeiro autor do proxecto, escolleu un emprazamento na punta sainte xunto ao Castelo, a so 4 m. sobre o nivel do mar, pero coa vantaxe de alumear sen obstáculos o interior da ría ata o Arsenal e o novo peirao en construción, en cuxo martelo estaba previsto situar o mencionado fanal do Porto.

O Proxecto foi redactado en 1860, optando por un edificio rectangular de 12 m. de fronte e 10 m. de fondo, coa torre inserida no seu centro. Xunto a este edificio, que so aloxaría a un torreiro, contemplábase a construción dunha beirarrúa arredor e un pozo para o pararraios.

Segundo o proxecto, o perpiaño viría das canteiras de San Felipe e Chanteiro e sería empregado só na construción das partes máis nobres; en cambio, a pedra para a cachotaría sextraeríase da Punta Redonda. O cal usado no faro procedía de Asturias, e de Neda veu a madeira de castaño e pino. Todos os materiais precisos foron transportados por mar.



▲ Foto antiga da entrada á ría de Ferrol, onde se pode ver a faro da Palma á dereita.



◀ Escaleira de caracol que da acceso á torre

Con un orzamento de 85.196,18 reais, o proxecto aprobouse por Real Orde do 10 de abril de 1861. Este edificio comezaba cun pequeno vestíbulo, flanqueado á dereita e sucesivamente, polo cuarto do enxeñeiro, cuarto de servizo diario, e almacén; á esquerda situábanse as habitacións do torreiro cunha sala, alcoba, cociña, e despensa, todas elas con ventás de iluminación. A complicada inserción da torre no centro, obrigou a dispoñer na súa base cilíndrica dun corredor anular, que comunicaba todas as dependencias citadas.

A subida á torre realizábase por unha escaleira de caracol con piar central, estreitándose na parte final cara a lanterna, pola forma cónica da torre. Esta alcanzou unha altura ata o foco da luz de 7,5 m e foi a única parte do edificio fabricada en perpiaño de granito, cunha lanterna octogonal de 1,80 m de diámetro, rodeada dun balconciño circular de ferro fundido. A lanterna estaba orixinalmente pintada de branco ó igual que as paredes exteriores do edificio; a parte alta da torre e o torreón, onde está a lanterna, sobresaían no lugar que sería o vértice da cuberta de tellas a catro augas.

O faro acendeuse o 15 de xullo de 1862, comezando a emitir o seu aparato catadióptrico de 5ª orde unha luz fixa vermella de 8 millas de alcance. Inicialmente, o aparello de acendido se contaba cunha lámpada moderadora de aceite de oliva da casa Sautter,

cun catadióptrico de 5ª orde unha luz fixa vermella de 8 millas de alcance. Mais antes de acabar o século XIX esta lámpada orixinal de aceite cambiouse por outra lámpada Maris de petróleo.

Foi preciso facer unha primeira reparación na armadura e cuberta do edificio despois dos fortes temporais que nos anos 1868 e 1869 azoutaron a costa. A reforma do alumeado aprobada por Real Orde de 23 de abril de 1904, aprobou un cambio de aparencia dun grupo de dúas ocultacións, ata que en 1909 o novo regulamento do balizamento motivou que se aprobara o definitivo cambio de ocultacións en grupo de dous, máis unha ocultación illada; para ilo, se acoplou á coroa da óptica un xogo de tres pantallas xiratorias da casa BBT. Accionadas por maquinaria de relojería para unha luz branca coa citada característica de grupo 2+1 ocultacións cada 15 segundos, e 9 millas de alcance.

Esta modificación entrou en funcionamento en 1914, e seguiu utilizándose a lámpada Maris de petróleo ata que nos anos 40 o Plan Xeral de Obras Públicas incluíu un cambio no sistema de alumeado para instalar un aparato de gas acetileno de chama espiada; ao mesmo tempo aumentouse o alcance ata as 12 millas, reducindo o período ata os 7 segundos, para reducir o consumo de gas.

O faro acendeuse o 15 de xullo de 1862, comezando a emitir o seu aparato catadióptrico de 5ª orde unha luz fixa vermella de 8 millas de alcance.

Deste xeito o faro quedou automatizado coa instalación do acetileno de chama espida da casa AGA, provisto dunha válvula solar de acendido. Este cambio entrou en servizo en marzo de 1947, época na que aínda residía no faro o técnico que tiña encomendado o Balizamento da ría de Ferrol.

Unha nova mellora foi a electrificación do faro, grazas a unha lámpada incandescente de 30W con un cambiador BTT e unha célula de acendido.

Actualmente xa non é unha sinal necesaria para o acceso á ría e ao Porto; daquelas tres luces orixinais de finais do século XIX que guiaban aos buques cara o interior da ría, o faro de Prioriño Chico, o faro do Castelo da Palma, e o fanal do porto, pasouse a un gran balizamento portuario composto por un importante número de sinais, moitas instaladas en boias que marcan o canal a seguir, tendo a actual baliza Castelo da Palma unha destas boias diante, pero a súa importancia histórica e sentimental fixo que sobreviva funcionando como sinal marítima, aínda que en algún intre considerouse a súa supresión.


Na actualidade funciona cun equipo luminoso que non se modernizou por manter a óptica catadióptrica orixinal, e ese halo de antigüidade que destila polas súas paredes, funcionando con unha lámpada incandescente de 40W e dobre filamento, que funciona con unha batería de 12V que se mantén cargada mediante un cargador automático que a mantén en flotación, é dicir, repón a carga que gasta a batería, pero interrompe esta carga así que a detecta plenamente cargada. O alcance actual desta luz é de 5 millas náuticas.

Esta baliza foi obxecto varias e importantes actuacións. No ano 2004 retirouse a cuberta orixinal e o falso teito interior de canizo e xeso, que estaba nun estado de ruína case total. Tamén se tiraron todos os tabiques interiores, deixando o interior do edificio diáfano. Picáronse todas as paredes interiores, a torre do faro e o muro exterior da terraza para eliminar o recebado de cemento e descubrir de novo a pedra, cepillala, limpala e encintar as xuntas co obxecto de que recuperara seu esplendor. Colocouse unha nova estrutura de madeira para soportar a nova cuberta a catro augas, que se fixo igualmente tella, para non perder a súa identidade pasada.

Tamén se limpou a varanda de ferro da torre e a lanterna, pintando de seguido todo en negro mate; abríronse de novo as ventás, que se mantiñan tapiadas dende os anos 90,

Na actualidade funciona cun equipo luminoso que non se modernizou por manter a óptica catadióptrica orixinal, e ese halo de antigüidade que destila polas súas paredes.





▲ No 2004 fíxose unha importante reforma do tellado.

▶ Óptica dioptica-catadioptrica, todo horizonte, de vidro pulido da casa francesa BBT.

colocando unha nova carpintería de madeira e deixando algunhas contraventás interiores abertas, para permitir aos visitantes poder ver o interior do edificio dende o exterior.

No ano 2010 realizouse outra importante actuación, que se centrou nos espazos exteriores, acometendo o desmonte da pendente que tapaba o edificio e impedía a visión completa do mesmo dende a estrada, onde se inicia a baixada á baliza. Alíouse a zona creando dúas superficies a distinto nivel na primeira zona, segundo se baixa polo camiño creou unha zona plana con bancos de descanso, onde parten os chanzos que dan acceso ao segundo nivel, zona onde se atopa a baliza, creando uns paseos en pedra arredor da baliza para percorrela por fóra. Completa a obra un miradoiro con cerca de madeira, dende onde contemplar a ría, o Castelo da Palma, e enfronte o de San Felipe. Na construción da cerca se respectou o miradoiro orixinal situado na esquina do edificio, onde hai unha figueira centenaria.

Na actualidade, é un lugar moi pintoresco e visitado. Dende as instalacións da Baliza da Palma, pódese contemplar a nosa fermosísima ría, e facerse espectaculares fotos como recordo da visita ao noso Concello.

Tamén é moi habitual que as parellas de recen casados se acheguen ao entorno do faro para deixar constancia do seu paso, nes-

te importante día, por este fermoso lugar. ¶

▲ As obras do ano 2010 melloraron o entorno e a visibilidade do Faro dende a estrada.



Mugardos 2030: a necesidade de construír unha paisaxe futura



Pablo J.
Rañales
Pérez

O deseño duns piares consensuados coa sociedade local resulta clave para promover xuntos, asociacións, goberno, tecido comercial e veciñanza unha mellora integral da vila. Un porvir de calidade.

É un dos aspectos que máis me obsesionan, que máis me preocupan dende o punto de vista social e cultural: como se percibe a vila dende a xente nova? como o ven os meus iguais, as miñas compañeiras e compañeiros de xeración e ata os amigos da infancia? Moitas das conversas que mantiven nestes últimos anos coas amizades terminaron, case de maneira irremediable e inconsciente, nunha protoanálise cultural de Mugardos. O tema sae de repente, sen consideración nin pudor, e xa monopoliza as palabras, as frases, o diálogo. Teño que ser sincero: domina a desesperanza, a impotencia e unha sensación de decadencia. Configúrase unha realidade dura, unha de moitas, que expoño nas primeiras liñas

desta tribuna: o futuro para a mocidade é escuro, mesmo sen ligazón emocional (xa non digo económica e social) coa localidade. Non teño datos, nin porcentaxes, nin ningún tipo de cuantificación, só a mochila de conversas e de análises e de reflexións mantidas con zoomers e millennials. Con todo, expóñense de maneira clara patróns comúns e intencións moi relacionadas coa fuxida.

Mais non é o meu propósito converter este texto nunha representación do pesimismo da mocidade. Coñecemos, mugardeses e mugardesas, as nosas sombras. E por iso mesmo, penso que temos que comezar con procesos de análise e crítica que nos permitan afastarnos da autodestrución e sementar algo de ilusión. Deixemos

atrás por un momento as escuridades densas e falemos dun elemento baseado en varios conceptos e estratos que, ben por existencia, ben por ausencia, afectan á nosa comunidade: a paisaxe futura, o que vemos proxectado dentro de, por exemplo, oito anos, cando esteamos na data redonda e simbólica do 2030.

O reto máis importante que temos coma localidade estrutúrase arredor desta idea. Precisamos unha visión do futuro consensuada e esperanzadora, un relato identitario que vai máis aló de contar cun proxecto político



municipal. É, de feito, unha cuestión compartida entre goberno, veciñanza, tecido asociativo e comercial; só a comunidade no seu conxunto pode determinar cales son os piares do Mugardos futuro. Noutras palabras, falamos de elixir as liñas de actuación nas que nos moveremos todas e todos, aínda coas nosas posibles discrepancias.

As vilas proporcionan algo positivo: teñen gran capacidade para dialogar, para pensar colectivamente e para definir proxectos transversais. E estes proxectos non son enteiramente políticos, aínda que presentan compoñentes deste eido. Son tamén culturais, sociais e económicos e, en última instancia, comunitarios. O globalismo contemporáneo obrígannos cada vez máis a afondar na

Falemos dun elemento baseado en varios conceptos e estratos que, ben por existencia, ben por ausencia, afectan á nosa comunidade: a paisaxe futura.

nosa identidade local para desenvolvermos no mundo con xustiza e coherencia.

Imos, pois, a traballar, organizar, planificar, debater conxuntamente dende o privado e o público, dende o goberno local e dende as asociacións que loitan

Temos pendente elixir que conceptos comporarán o noso futuro. Cales son os piares da localidade sobre os que trazar actividades, eventos e estratexias que permitan acadar unha mellora paulatina do tecido social de Mugardos.

Fotografía: Anirudh.

por un futuro mellor, sobre os conceptos que deben soste o Mugardos que está por chegar. Comecemos a reflexionar con vontade interxeracional e intersectorial nos espazos e materiais á nosa disposición, de cara a determinar os aspectos que nutrirán a nosa paisaxe futura, o noso proxecto compartido e ilusionante. Abramos o debate sobre o porvir en todos os lugares posibles: nas conversas cos amigos e familia, nos actos que teñamos ao alcance... E, por suposto, nas publicacións heroicas coma esta que tes entre as mans.

Tres piares para o Mugardos 2030: memoria, cultura e natureza

A primeira columna do meu Mugardos futuro, mesmo ideal, é **A MEMORIA HISTÓRICA**. Só a través dela podemos entender quen somos e que nos caracteriza. Mais a memoria histórica esixe moitos esforzos para coñecer o pasado, escribir a historia e, finalmente, divulgar ese relato compartido pola comunidade, esa narrativa colectiva que dignifica as raíces propias a través de contidos, actividades e actos. É un concepto que conleva artesanía, investigación, recompilación e difusión, o produto que se obtén despois dun proceso moito máis extenso que arranca xa coa planificación cultural e urbanística de Mugardos.

Falando de casos pragmáticos, a memoria técese coa recuperación do Zárate;

coa creación de contidos (textos, imaxes, vídeos) que afonden na historia mariñeira do municipio; coa posta en marcha de exposicións de carácter histórico e charlas sobre a contorna mugardesa. O pasado e a historia agardan nos edificios, nas persoas e nos espazos públicos, e o Mugardos actual ten o reto de empregar estes materiais para construír unha narración que nos una e que nos identifique —máis aló do polbo!—.

Moitas das actividades que tecen memoria, que rescatan, contextualizan e interpretan o pasado colectivo vencéllanse co segundo pilar desta paisaxe futura de Mugardos: **A CULTURA** como motor da revitalización social da vila. O mantemento e mellora de infraestruturas axuda

O Mugardos actual ten o reto de empregar estes materiais para construír unha narración que nos una e que nos identifique —máis aló do polbo!—.

na causa, procura beneficios físicos, mais é a oferta cultural a que consolida novos fluxos de socialización. A través da cultura reunímonos, falamos e, sobre todo, actuamos: podemos ser cidadáns propositivos. Mais para propoñer e aumentar a oferta cultural precisamos dun lugar onde centralizar a actividade, un sitio de referencia para as mugardesas e mugardeses que, independentemente da súa ligazón cunha estrutura previa, desexen achegar proxectos, organizar eventos, aproveitar sinerxias... En fin, con claridade: precisamos dunha biblioteca pública moderna, cálida e amigable, que sirva como centralizador da dinamización cultural mugardesa.

Non esquezamos a importancia de construír e tecer a memoria colectiva. Só a través dese traballo artesano de creación de contidos, compilación e difusión podemos chegar a entender que nos define identitariamente nun mundo tan global. Memoria e cultura van da man nesta e na seguinte década.

Fotografía: Benjamin Thomas.



A través da cultura reunímonos, falamos e, sobre todo, actuamos: podemos ser cidadáns propositivos.

A cultura no seu sentido máis amplo tamén podería intervir directamente nas iniciativas que funcionan e que resultan atractivas para nós e para o resto. A Festa do Polbo, coñecida e con raíces fondas, é un dos eventos que presenta máis posibilidades para unir á vila e empregar a cultura, as manifestacións simbólicas que nos definen, aínda máis. A gastronomía supón un dos elementos identitarios de Mugar dos, mais é necesario ver ata que punto podemos compaxinar a festa con outras tantas actividades que aproveiten os fluxos sociais e turísticos dese momento de celebración. Como ten que crecer o evento? Como facelo co maior consenso e implicando ao maior número de axentes locais? Que actividades complementarias podemos ter para que a xente veña máis aló dun día? No deseño cultural da nosa vila quizais atopemos moitas respostas a estas cuestións esenciais.

O terceiro elemento que defendo para o Mugar dos futuro: **A NATUREZA**. Relaciónase intimamente co anteriormente exposto, pois hai un vencello histórico da poboación local coa ría, coa auga e coa pesca, mais tamén co patrimonio natural que está pendente de dignificar e poñer en valor. Con todo, na

natureza atopamos turismo, deporte, cultura... multitude de diferentes ópticas, cada unha coas súas actividades, que permiten construír unha relación máis próxima con ela. A conexión co orgánico é unha das fortalezas das vilas pequenas, sobre todo fronte aos espazos urbanos marcados polo formigón, o cemento e o dominio do coche. Só queda aproveitar esa vantaxe a través de roteiros e novas experiencias que axuden a modernizar os nosos vínculos coa natureza.

Estes elementos configúranse coma os tres piares para o Mugar dos 2030, mais tamén para o que vai moito máis aló. Tres columnas que estaría ben albiscar sobre a liña do horizonte. Cada un destes conceptos pode desenvolverse de moitas formas, mais a clave é que estean, que sexan eixos útiles para trazar liñas de traballo, programacións municipais, actividades de asociacións... Elementos de vinculación que axuden a construír un futuro primeiro máis preciso, logo máis esperanzador.

Hai moita potencialidade na vila, moitos recursos que

O vínculo coa natureza é un dos factores diferenciales das vilas pequenas con respecto ós espazos urbanos, marcados polo formigón, o cemento e o dominio do coche. Mais aínda queda pendente reforzar esta ligazón en Mugar dos.

Fotografía: Annie Spratt.

nos poden servir para edificar e dignificar o propio. Pidamos ás potencias tractoras da localidade (institucionais, comerciais, sociais...) construír esa paisaxe futura colectiva. Traballemos xuntos nela: ese é o meu maior desexo para terminar a década. Traballar para dar esperanza. ¶

Hai un vencello histórico da poboación local coa ría, coa auga e coa pesca, mais tamén co patrimonio natural que está pendente de dignificar e poñer en valor.



LA PINTORA



Raquel
Villanueva
Lorca

Con el pincel sujeto entre sus dedos, contemplaba el lienzo en blanco. Entrecerró levemente sus ojos, imaginando lo que quería plasmar en aquella tela aún inmaculada. A través de la ventana se adivinaba un paisaje húmedo y verde, envuelto en los difuminados brillos de un lánguido otoño. Las hojas alfombraban los caminos, y en breve, llegaría el invierno, y con él los días grises y oscuros. Cada fin del verano era como la terminación de un amor. Un amor sobrevenido en primavera, que terminaba languideciendo cada nuevo otoño. Era triste, pero llenaba su vida de dulces y vívidos recuerdos, siempre los suficientes para abrigarse bajo ellos en el frío y largo invierno.

Humedeció sus labios y comenzó a extender pinceladas suavemente...

Suavemente su mano se deslizó recorriendo su espalda. Ella sintió cómo una corriente eléctrica recorría su cuerpo, dispersándose a lo largo de cada poro de su piel. Fuera, el sol ardiente agostaba los campos, pero allí dentro, bajo aquellas sábanas, latía un mundo húmedo y cálido que lejos de agostarla, la hacía renacer. Sus pensamientos sólo le albergaban a él por entero. Sus manos, su boca, el olor de su piel, el vello ensortijado que cubría su pecho. Todo era él dentro de ella. La vida seguía su curso, el tiempo no dejaba de precipitarse en su propio olvido, la tierra no cesaba de girar sobre su eje, pero en aquella habitación todo se suspendía, se posponía. El tiempo se entregaba a los latidos del deseo.

Una gota de sudor resbalaba lentamente por su espalda, ella siguió su curso con su dedo índice, marcando lentamente un camino sinuoso. Hizo un alto y aproximó

sus labios, sorbió con deleite aquella piel. Si el sentido de vivir ha de tener un sabor, éste ha de ser una mezcla entre dulce y amargo, éste ha de ser, era, el sabor de él.

Le ordenó tenderse de espaldas y estar-se quieto. Sus ojos recorrieron sus anchos hombros, su estrecha cadera, el dibujo de sus nalgas, sus piernas. Se recostó encima. Mordiéndole la oreja derecha le susurró al oído que, a veces, le gustaría transformarse en hombre para tomarle por detrás. Ambos estallaron en sonoras carcajadas. Una alegría líquida discurría entre ellos, como un río de rápidas aguas en el que se dejaban arrastrar. Él se volvió y clavó su mirada en ella cargada de deseo. Asíéndola por las caderas, la sentó encima de él. Ella comenzó a moverse, lentamente al principio, dejándose mecer en una deliciosa cadencia. Se arqueó emitiendo un gemido y se dejó caer, descansando sudorosa sobre su pecho. Él siguió acariciándola. Afuera, el sol seguía presente. Pensó, que ese mismo sol yacía allí, en su cama, debajo de ella, dentro de ella. Ella, que como buen planeta Tierra, giraba describiendo una elipsis ininterrumpida a lo largo de aquel verano.

Se mordió el labio inferior y caminó hacia atrás unos pasos para poder contemplar el lienzo iniciado. No era un cuadro, ni era un pincel lo que sostenía su mano. Era un folio lo que en verdad contemplaba y un bolígrafo lo que sujetaba. Era una historia escrita, una historia pintada con palabras de múltiples colores, al igual que un cuadro.

Fuera, se adivinaba un paisaje húmedo y verde, envuelto en los difuminados brillos de un lánguido otoño. Humedeció sus labios y comenzó a escribir. ¶





ATEA

A veces me abandono, como si entregara al mar un costero de los que apuntalan mi interior. Veo el trozo de madera flotando y al mismo tiempo, siento ese derrumbe que su falta en mí ha originado. Entonces advierto que tus recuerdos me asaltan por sorpresa, liberados ya en ese derrumbe. El mar sigue moviendo el puntal caído y yo, me quedo mirando para él, como hipnotizada en ese constante vaivén que las olas imprimen en el mismo.

Vuelvo a encontrarme contigo y tu casa vuelve a ser un espacio cálido de encuentro. Camino a tu lado en silencio, asida a tu mano y volviendo a pisar de nuevo aquel suelo de mármol blanco y negro a modo de damero. No jugábamos ninguna partida y nuestros pasos siempre nos llevaban al mismo sitio, indefectiblemente estábamos abocados a repetir aquel dulce camino que terminaba a los pies de un lecho de sábanas blancas. Puedo aún sentir aquella premura en quitarnos la ropa, en eliminar cualquier barrera, por fina que fuera, que impidiera notar solamente nuestra piel. Y permanecíamos de pie, casi desnudos frente a frente, haciendo aguardar aún nuestro peso a aquel lecho, que seguía esperándonos impoluto en su blancura. Sentía tus manos recorriendo mi espalda y yo posaba las mías en tu hombro y tu nuca mientras nuestras lenguas se enlazaban. Y aquellas mismas manos, las que me acariciaban, las que recorrían mi espalda, desabrochaban mi sujetador y bajaban más, más aún, hasta posarse en mis caderas y comenzaban a deslizar mis bragas lentamente. Y era aquel contacto de tus manos y el encaje deslizándose por mis nalgas, por mis piernas lo que marcaba el punto de inflexión, el instante en que toda

yo se abandonaba, se rendía ya ante todo lo que sabía habría de llegar. Y era entonces, solo entonces, cuando nos sumergíamos entre la blancura de las sábanas, despojados ya de cualquier disfraz, desnudos ante la vida y ante la verdad de los sentimientos. Y yo, que nunca he sido creyente, que me ha costado siempre tanto creer en nada ni en nadie, que por no creer, no he creído ni en mí misma, recuperaba por entero toda la fe perdida y me transformaba en la mujer más beata que hubiera pisado la tierra, abandonándome por completo a aquella religión monoteísta donde el deseo se erigía como dueño y señor de cada instante.

Húmedas, manchadas y arrugadas ya las sábanas, regresábamos a nuestra ropa, a nuestra condición humana, a nuestra postura, restituyendo una a una las prendas quitadas. Pero mis manos no eran ya tus manos y abrocharme, subirme y ceñirme la ropa anteriormente quitada, me parecía el preámbulo de un túnel en el que en breve me introduciría para regresar a la insípida e inodora realidad de la vida. Regresar nuevamente al ateísmo y a la mera cuenta del tiempo que habría de pasar hasta volver a verte.

Pero, inevitablemente todo termina, al igual que habrá de terminar esta nuestra humanidad. Y hoy aquí, mirando al mar, y desprovista de cualquier atisbo de creencia, rememoro impregnada de nostalgia el contacto de unas manos que en su día insuflaron la fe en todo mi ser. Y las olas que rompen, deshechas ya en espuma de rota blancura, me parecieran las usadas y húmedas sábanas de un perdido lecho de deseo y amor, tan perdido como mi fe. ¶



Antonia
Grandes

Lavar, lávase coas mans

A Sita e a Consuelo. A Carmen, a Filomena, a Tonucha, a Paquita... ás contadoras de historias que mostran nos seus relatos o que somos e o que fomos. Nós só escribimos o que elas contan.



Francisca
Pérez



Gabriela
Sánchez

— Madriña, vostede que aínda lava no río, faga favor e conte, como se lava?

— Coas mans. Lavar lávase coas mans. Primeiro refregase a roupa na pedra, dáselle xabón e bótase ao clareo. Logo recóllese do clareo, sácudese no río e fórcese. Coas mans, lavar lávase coas máns.

— As cestas da roupa lévanse na cabeza. Na cabeza levábamo-lo todo. Para que a roupa lavada non pese moito bótase enriba da silveira a que escorra a primeira auga e así xa vai a roupa enxoiada. Entre lavar e clarear vai o día e ven a tarde.

Coas Mans. Lávase coas mans.

O Esteiro

Señoritas, van ir ao inferno

— Ai señoritas van ir ao inferno, como poden ser tan malas?

En Mugar dos non había lavadoiro, as mulleres viñan lavar aquí, ou ao Río de San Antonio, a Río Seco, á Rega, ao Casal... As señoritas eran as señoritas do Baño. As propietarias da terra que agora ocupa a urbanización. Nesa terra non se podía botar a roupa ao clareo, ás señoritas non lles gustaba e manchaban a roupa con tinta ou bosta de vaca. As señoritas eran malas, malas, malas...

Tanto traballo perdido! Tantos sabañóns, tanta friaxe!

— Ai señoritas, van ir ao inferno, como poden ser tan malas?— dicíanlles. E as señoritas respondían: —Nosotras iremos al infierno pero ustedes ya viven en él.¹

Eses eran os recordos da nena Tonucha e doutras neniñas que viñan lavar, de Filomena que lavaba para fóra, e tantas, tantas outras. Seguro que moitos de vós podeades engadir máis nomes.

En Mugar dos non había lavadoiro e a roupa as mulleres tiñan que cargala, as máis das veces na cabeza, por iso era tan importante levala o máis seca posible para non cargar con tanto peso...

Os tempos eran outros para o río e para as relacións. Paquita da Gabacha contaba que o río do Esteiro non era un río majo como o que vedes agora. Eran dúas pedras de lavar e

¹ Para ser xustos coas señoritas, hai que dicir que as vacas non querían comer a herba se tiña o sabor do xabón da roupa do clareo e as señoritas vivían da venda do leite das vacas...



▲ O antigo río do Esteiro eran dúas pedras de lavar e dous chanzos no medio.

dous chanzos do medio. Moitas veces había que arremangar a saia e meterse na auga para lavar. Os mozos escondíanse na silveiras por verlles as pernas ás mozas, así que algunhas, por non ensinar as pernas, metíanse coa saia ao río e coa saia mollada botaban a mañá.

Aínda algunha destas se pregunta para que casarán os homes agora se xa o ven todo de solteiros. As zocas deixábanse na beira, e de vez en cando había que correr atrás delas porque as levaba a auga. A esas mulleres, que se erguían á alba e traballaban sen descanso ata o solpor, chamábanlle o sexo débil. Traballaban dende nenas, dende que se tiñan de pé acompañaban ás nais e ás tías e dende moi pequerrechiñas, cun ratiño de xogos de vez en cando, aprendían a lavar. Lavar a roupa era traballo de todo un día e tamén eran tarefas das nenas levar o almorzo e o xantar ás mulleres que lavaban.



◀ A roupa deixábase ao sol na silvas para a primeira seca.



▲ Cando había moita xente no lavadoiro da Redonda a xente subía lavar ao Pozo.

O Pozo

Cómelle á nena!

Aquí casara unha filla dos Caruncho cun curmán de Franco. Deles era todo canto ves cos ollos. Agora é dos herdeiros, pero o Concello non lles obriga a cortar e... así está.

O lavadoiro era desa xente, da xente da casa de Villalobos. Alí tiveron criados, alí había cortellos, alí tiñan animais: vacas, porcos, galiñas... Os señores vivían na casa grande e na casa pequena do lado, a que está a carón das bodegas, vivían os caseiros. Mercedes, chamábase ela. Tiña dous nenos, Andrés e Tomasiño. Mercedes era moi boa muller.

No lavadoiro do Pozo lavaba quen quixer. Nunca botaron a ninguén. Cando había moita xente no lavadoiro da Redonda as mulleres ían lavar ao Pozo.

Na Redonda viviron as Cesteiras. A mais nova, Amparito, lavaba sempre no río do Pozo. Amparito tiña unha neniña pequena que levaba sempre con ela. Facíalle unha camiña na cesta da roupa e mentres Amparo lavaba, a nena durmía.

Un día estando lavando no Pozo, deixou á pequena no campión alto que hai xunto o lavadoiro dentro da cestiña de vimbio. Mentres estiraba un fatiño de roupa ao clareo, Amparito viu como unha serpe se achegaba a cestiña da nena sen facer nin un só ruído. A culebra viña ao leite! A neniña era pequerrechiña e a serpe era grandísima.

Amparito tirou coa roupa, deu un chimplo, colleu a cestiña coa nena e escapou para casa sen mirar atrás. Se non se decata a tempo, a serpe cómelle a nena, cómella! Pasou aquí, no Pozo.





▲ No río da Pita non se contaban contos nin se cantaba.

A Pita

Eu lavaba para fóra

No río da Pita primeiro lavábamós a roupa branca. Lavábamós a roupa branca e botábamola ao campo. Mentres clareaba lavábamola escura. Neste río había dúas partes, na de abaixo lavábase a roupa escura e na de arriba, o ollo do río, por onde viña a auga, lavábase a branca.

Eu lavaba para fóra. Lavei moito. Desde os nove anos. Eu fun lavar xa de nove anos, cando quedei sen nai.

Non lavei sempre neste río da Pita. Quedei sen nai e ía coas miñas tías ao río de Simou, ao río das Ueñas, que eran amigas nosas. Non lavei sempre neste río da Pita. Lavaba no do Esteiro, porque alí vivía de nena coa miña madrastra. Daquela eu lavaba para a miña madrastra e para as miñas irmás.

Eu lavaba para fóra. Lavei para moita xente. Lavei para as Portorricas, para as do Peteiro, para as da Eira... e para as Porcas. O das Porcas púxenllo eu porque naquela casa non había máis que pulgas e chinchas. A roupa branca viña chea do sange das picadas das pulgas.

O xabón andaba escaso porque ía caro e había quen lavaba sen el. Fregaban a roupa na pedra e logo a botaban ao sol, pero limpa

non quedaba. Eu sempre lavei con xabón porque compraba no economato.

Gañar? Pouco. Cobrabamos por peza. As sabas da cama a dúas e a tres pesetas. Polas mantas levabamos máis porque eran moi grosas e daban moito que facer.

Tiña que ir buscar a roupa e tiña que ir levala. Según a lavaba xa a levaba, así chorreando, para que a tenderan elas. E alá ía eu para Mugar dos coa tina da roupa na cabeza. As veces levaba moito peso e paraba a dúas e tres veces no camiño para descansar. Agardaba a encontrar con alguén para que me axudara a baixar a tina. Moito peso. Levaba moito peso na cabeza e sen molido nin rolete, que eu nunca o quixen. Facía só unha viaxe con toda a roupa, pesara o que pesara, anque pesara moito. Eu tiña os meus nenos pequenos e non quería deixalos soíños!

Neste río da Pita non se lle quitaba a pelexa a ninguén, non se contaban contos e non se cantaba. A señora Andrea non deixaba! Contar contábamós nas hortas, cando íamos sachar! Buscábe ás de Xan da Mortel! Lolita e as amigas traían tódalas noticias. A Leonor e a min chamábanos tontas porque non sabíamos da vida de ninguén. Elas falar, falaban. Falaban unhas das outras. Pero aquí no río da Pita non. Aquí non se criticaba.



A Redonda Corenta pesos

▲ Ao lavadoiro da Redonda achegábase xente de San Felipe porque non verán secáballes o manancial.

Eu lavo desde que nacín. Fun servir a Mugar dos e andei en 5 casas. Non gañaba nada: 10 pesos ao mes. Ía con zapatillas de corda desde a Redonda ata Mugar dos. Non é mentira ningunha, eu só conto o que pasou por min.

Despois solicitábanme: —Vente a esta casa, que te dan 20 duros.

Vinte pesos daqueles tempos! Tiña 18 anos. Eu tiña 18 anos cando casei. Non había con que manterse e tiñamos que ir traballar ás casas .

A este río viñan lavar de San Felipe, da Redonda, de Mugar dos... todo o mundo collía. Cada unha no seu sitio. A cada 7 por lado. Viñan de San Felipe e atravesaban o mar en chalanas, porque no verán secaba o manancial e quedaban sen río en San Felipe.

No tempo no que había militares na Palma, viña un carro de cabalos a buscar a auga aquí para lavar eles e máis para manter aos animais. Os cabalos comían alfarrobas. Os militares gardaban os sacos coas alfarrobas detrás do Castelo, camiño da marea. Un día que íamos mariscar e tiñamos moita fame, abrímoslle un furado a un saco e probámolas. Que ben sabían! Dociñas, que ricas! Eu non conto mentira, eu só conto o que pasou por min.

Eu non conto mentira, eu só conto o que pasou por min

Quedei con sete anos cando morreu o meu pai. Lavaba, fregaba e levaba a casa. E

máis facía unha marea, que eu fun mariscar de sete anos e fun sempre moi colledora! Xabón non había. Cando viñan as maiores a lavar eu dicialles :

— Señora Belarmina, cando acabe de lavar, esa escama de xabón non a tire, déama.

E xuntaba as escamas de todas, e así facía unha pastilla de xabón para lavar eu coas escamas que me daban a señora Belarmina ou a señora Claudina.

A señora Claudina era moi boa. Viña lavar aquí, coa tina na cabeza dende a ribeira de Mugar dos. Facía un rolete cun trapo para apoiar a tina na cabeza. Dabámoslle cascarilla cando ía moito frío e ela quentaba as maiñas na cunca antes de bebela. O río do Esteiro era un río precioso, pero a elas non lles gustaba lavar alí porque a auga ía moi fría. Aquí, no río da Redonda, había máis caloríña. O Esteiro tiña un lavadoiro bo e limpiño, pero cando subía o mar o salitre metíase ao río e xa non se podía lavar.

As maiores contaban contos e cantaban. Érache moi bonita aquela vida! Había moita miseria pero era moi bonita. Luxos non había, non. Non tiña eu, non tiñan as outras, non tiña ninguén... agás piollos. Piollos tiñamos todas! Traballábase moito para nada e, ás veces, quedaban a deber. A min aínda me deben corenta pesos, e xa vai alá no cemiterio. Non tiña fillo nin filla e quedoume a deber 40 pesos. Mala mar a coma! ¶



Leva-se dentro

Unha “estoria” do Galicia de Mugardos



Alexandre
Fernandes

Comezo por dicir que o presente texto non vai tratar sobre a historia da *Sociedade Deportiva e Cultural Galicia de Mugardos*, quen quixer coñecer un pouco da mesma remito á paxina web do noso clube www.galiciademugardos.gal. Do que vou falar é unha reflexión de como alguén alleo ao fútbol, ao *Galicia de Mugardos* e tamén á vila de Mugardos acabou facendo parte do *Galicia* e residindo en Mugardos.

A té hai once anos eu residia coa miña familia, miña muller e dous fillos, no barrio ferrolá —de tan simpático e fermoso nome— do Inferniño. Meu fillo máis vello quería xogar fútbol e anotamo-lo na equipa do barrio e a máis cercana xeograficamente. Por razóns laborais, nen eu nen miña muller podíamos levá-lo aos adestramentos ao Pavillón do Inferniño, polo que viñan meus sogros de Mugardos a levá-lo. Cadrou que bastantes veces viñan de Mugardos até Ferrol en vao, pois aparecían no pavillón e non había adestramentos, ou mudaran o día de tais, sen previo aviso... Enfin, este descontrol provocou certo cansazo nos meus sogros, e

a solución consensuada foi levar meu fillo ao *Galicia de Mugardos*. Cando tocaba adestramento na Pedreira meu fillo ia da escola en Fene para ir xantar a Mugardos, para felicidade do neno e dos seus avós. Iso implicaba facer quilómetros para ir até Mugardos e voltar co neno a casa en Ferrol —o que sabemos que é ecolóxica e economicamente irracional e insustentábel—. Debo referir que no *Galicia* nunca se suspendeu nengún adestramento, e debo comentar tamén que o neno lle véu moi ben ao clube, pois había moi poucas fichas de nenos/as nacidos no ano 2000.

Por piruetas da vida que vou saltar, e polo fútbol, miña familia que pasaba os veraos en Mugardos, acabou residindo a tempo completo en Mugardos.



► Agustín Flecha, con 80 anos, reparando as redes do campo a 5-6 metros de altura.



estereótipos cos que fomos (mal)criados e fomos (de)formados, aquela brava deportista e afouta nena loira.

Todas as semanas sempre cadraaba un día que entraba na Pedreira e había xente traballando reparando as instalacións: un pintando, outro soldando, un pasando unha máquina varredora, outro rozando... Outro día, máis vellotes traballando: un señor paroleiro de bigode empurraba coxeando un carro da compra cargadísimo de cousas até a cantina; era Antonio Martínez Caco, de Rilo. Esta escena aínda a sigo presenciando hoxe en día. Outro día, vexo subido a unha escada, a cinco ou seis metros do chao —e sen EPIs—, outro

MÁIS QUE UN CLUBE

Lembro perfectamente o primeiro xogo do meu fillo nos alevíns do *Galicia* na Pedreira. Entrabamos un sábado de mañá no campo e vin un vello de máis de 80 anos a facer masa e tapar uns ocos que había no chao. Fiquei chocado con aquela imaxe daquel vellote a traballar arranxando as instalacións do club. Era Bernardo Iglesias, da Areosa. Pouco máis tarde, naquela mesma mañá levei outro shock: naquel xogo da equipa de alevíns, o mellor futbolista foi unha futbolista: Alba Pérez. No mundo masculinizado e maleducado do fútbol e nunha vila pequena como Mugardos, irrompia para rachar con todos os

O campo de fútbol da Pedreira está este ano de aniversario. Moitos parabéns polos teus 50 anos. Moitos parabéns a toda a cantidade de xente mugardesa que traballou desinteresadamente na construción do campo da Pedreira.

▼ O Campo de Fútbol da Pedreira inaugurouse no ano 1972 cun *Deportivo - Racing de Ferrol*. Este 2022 celébrase o seu 50 aniversario.



► Juan O Peña é unha das persoas que mellor representa o sentir galicista.

vellote de 80 anos, dunha cabeleira branca brillante, que estaba a coser e reatar as redes que están por atrás da portería que está máis perto da entrada principal da Pedreira: era Agustín *Flecha*. Isto merecía unha foto, e feita foi.

Estas lembranzas, que as teño ben gardadas, fixeron-me ver que o *Galicia de Mugar dos* tiña algo especial, entre outras razóns, porque aqueles directivos/as que traballaban semana a semana na Pedreira, facían-no pra manteren decentes unhas instalacións das que eran donos e donas, propietarios/as. Estaban a manter viva a obra que fixeron coas suas maos os sócios e sócias do clube no ano 1972. O campo de fútbol da Pedreira está este ano de aniversario. Moitos parabéns polos teus 50 anos. Moitos parabéns a toda a cantidade de xente mugardeza que traballou desinteresadamente na construción do campo da Pedreira. O campo talvez sexa o alicerce principal no que asenta esta maravillosa sociedade deportiva e cultural.

Debo comentar que todos os anos até hoxe se fan obras de mantemento, mellora e reparacións das nosas instalacións por parte da Xunta Directiva.

O *Galicia* é un modesto clube de fútbol formado e mantido polos seus creadores, xente humilde mais moi traballadora. Toda esta xente, todo este imenso labor, toda a masa social que apoia o *Galicia* e a belísima obra que crearon e que herdamos para seguirmos a manté-la en pe é a que fai un clube grande, moitísimo máis, mesmo, que os troféus conquistados. Noutros campos de fútbol nos que entrabamos e seguimos entrando non había nen hai este movemento de formigas humanas a traballaren. Será talvez porque non se senten donos nen creadores, nen sequer parte dese clube, son usuários dese clube como dunha piscina municipal...

Polo antedito, cumpre salientar que por este motivo considero o *Galicia de Mugar dos*



como parte importante do ser mugardés. O *Galicia* é unha institución do povo, porque foi criada polo povo, somos parte das familias mugardesas. Sobarda portanto o ámbito deportivo, para ser a maiores parte integrante da alma da vila. Os seareiros/as do *Galicia*, sempre fiéis, numerosos e cívicos acompañando ao clube por todo o noso país, son-che —somos-che— doutro xeito. Temos

O Galicia é unha institución do povo, porque foi criada polo povo, somos parte das familias mugardesas. Sobarda portanto o ámbito deportivo, para ser a maiores parte integrante da alma da vila.

un ADN moi cachondo, de corazón que non cabe no peito, moita paixón e saúde, e moi bos sentimentos. Xente militante do clube, moi traballadora, sen cobrar plus de entrega e sempre de bon talante. Un clube que move toda unha vila, un potentísimo motor con moitos cabalos de puro sangue. Lévasse dentro.



◀ Directivas, socias e socios do Galicia traballan arreo na cantina durante as xornadas do Torneo de Fútbol 8.

MADE IN MUGARDOS

Un bon exemplo do que estou a comentar é a organización do *Torneo de Fútbol 8 do Concello de Mugardos* nas nosas instalacións. Este campionato é un dos eventos conveñados co Concello de Mugardos. Este torneo congrega durante tres días das vacacións de Semana Santa a 60 equipas de F8 a xogar na Pedreira. Xoves Santo xogan vinte equipas de Prebenxamins, Venres 20 de Benxamins e Sábado 20 de Alevins. A procedencia dos clubs é fundamentalmente da provincia da Coruña, aínda que veñen clubs de Lugo ou de Valladolid. Un torneo que se xoga a catro campos de F8; dous no campo de herba e outros dous no artificial. Ao torneo acoden 1.000 futbolistas e as súas familias. Isto é, a poboación de Mugardos aumenta $\frac{1}{4}$ durante estes tres días de torneo.

Durante o torneo damos de comer e beber a toda esta xente, a nenos e nenas, papás e mamás, avós e avoas. Serven-se cerca de 1.000 pratos de comida diários. Un volume de traballo continuo e imenso que redunda en beneficio do club e tamén do Concello de Mugardos

Este evento é sempre un éxito organizativo. Todo son parabéns. Mais o mesmo non sería posíbel sen a colaboración desinteresada e entregada de máis de cincuenta socios e socias e dos vinte integrantes da X.D. Xente que estamos das 8:00 da mañá até as 22:00 horas durante tres días das nosas vacacións a dar todo polo noso club. Esta cooperación familiar entre Xunta Directiva e masa social é digna de ver e de salientar. E Eu como membro da Xunta Directiva teño que deixar aquí plasmado este maravilloso e bonito feito clubista: a unión e comuñón polo ben común do *Galicia de Mugardos* é algo totalmente alucinante. Isto non é voluntariado social. Isto non o vexo posíbel facer por parte doutros clubs da comarca ou noutras entidades nas que teño participado. Isto é *Made in Mugardos*.

Este sentimento de sabermos de antemá que vamos conseguir que o torneo saia ben, que somos capaces de atendermos toda

Isto non é voluntariado social. Isto non o vexo posíbel facer por parte doutros clubs da comarca ou noutras entidades nas que teño participado. Isto é *Made in Mugardos*.



Un clube pequeno con xente tan grande consegue facer cousas extraordinárias.

esta xente e cada detalle, de solucionarmos calquer imprevisto... esta firme garantía no-la dá e transmite toda esta nosa xente, a grande familia verde e branca da *S.D.C. Galicia de Mugardos*. Un clube pequeno con xente tan grande consegue facer cousas extraordinárias.

Quero expresar o noso profundo agradecemento a toda esta xente, con eles e elas temos o orgullo de organizar case sen tachas un torneo bastante mellor preparado e organizado que outros que saen pola TV nunha vila pequena como Mugardos. Para o ano contamos convosco que voltamos de novo á carga. Quero agradecer tamén aos clubes participantes e outros organismos que tamén colaboraron neste torneo, sen os que naturalmente non sería realizábel organizarmos un evento desta magnitude e cun nivel próximo da exceléncia.

▼ Alba Pérez foi unha das futbolistas con máis proxección dos últimos anos nas categorías base do *Galicia*.

10 ANOS NA XUNTA DIRECTIVA

Ano 2012, teño corenta anos, a metade que Bernardo ou que Agustín. A comezos da temporada seguinte á chegada do meu fillo máis vello ao *Galicia*, fun liado polo pai da

mellor futbolista mugardesa até hoxe, Arturo Pérez, *Potencias*, para botar unha ma no clube e actuar como Delegado da equipa do meu fillo. Eu nen sabia o que había que facer —aínda agora—, mais non me neguei. Debo referir que militei na política, no activismo cultural galego e mesmo fun cofundador dunha Escola deportiva no Inferniño na que se propugnaba a actividade deportiva infantil e na que practicabamos diversas modalidades deportivas na que expresamente o fútbol ficaba relegado... Isto é: na miña vida pensei que ia acabar facendo parte da Directiva dun clube de fútbol, deporte do que gosto mais recoñezo que non teño nen idea comparado con calquer dos meus compañeiros e compañeiras da Xunta Directiva do *Galicia*. A propósito, unha Xunta Directiva sempre numerosa e plural, con reunións amenas e divertidas, todo o contrario se as comparo coas reunións políticas ou culturais ás que estaba afeito.

Pouco tempo despois nunha reunión da Directiva demite o daquela secretario, Dani Sixto, por razóns de paternidade. Un adeus sen volta. Na mesma ninguén quixo coller o relevo. Na seguinte reunión, a Secretaria se-

▼ Panorámica do campo de herba artificial durante a celebración do torneo de fútbol 8.



guia sen dono. De todos e todas as Directivas, todos mugardeses/as, ninguén levantou a ma. Acabou a Xunta Directiva e o ferrolá que isto escribe era e sigo sendo o Secretário. Non levaba seis meses de sócio, xa era Directivo, Delegado e Secretário, que ninguén lea os nosos estatutos...

No ano que entrei o *Galicia de Mugardos* contaba con pouco máis de cen licenzas de futbolistas, e oito plantéis: 3 de F8 e 5 de F11, sen contarmos adestradores/as e delegados. As subvencións eran ben escasas e ridículas para este número de fichas. Na actualidade temos máis de duascenas licenzas de futbolistas e temos 6 equipas de F8 e outras 5 de

F11, aínda que chegamos a ter 280 licenzas. Porén, polo camiño ficou o *Galicia Feminino* e o *Galicia de Veteranos*, dúas lindas ilusións perdidas... Apesar destes tristes feitos, tamén houbo nestes anos grandes alegrías inesquecibles, como o ascenso á terceira división no día das letras do ano 2015. Mais particularmente considero que o mellor éxito deportivo deste clube é existir e ser tal e como é, para que os nenos e nenas, rapaces e rapazas da vila —e arredores— podan simplemente facer deporte no noso clube, de Biberóns até modestos, dos 4 aos 40 anos...

Actualmente as subvencións subiron un pouco, mais aínda así son escasas tendo en conta o número de futbolistas e adestradores que movemos. Un directivo/a está sempre como delegado/a nos xogos do fin de semana de cada plantel, acompañando aos adestradores —que non son directivos—, dous por equipa. No *Galicia de Modestos*, que está na liga de Rexional Preferente, vai ademais o Director Deportivo, un preparador físico, un fisio e un adestrador de garda-redes. Outros directivos/as están a traballar no campo, ben nas cantinas, na billeteira, na Secretaria... O traballo organizativo e de coordinación que implica participarmos semana a semana en ligas e torneos é enorme: estamos a mover cada semana a máis de douscentos futbolistas e cerca de trinta persoas dos corpos

O traballo organizativo e de coordinación que implica participarmos semana a semana en ligas e torneos é enorme: estamos a mover cada semana a máis de douscentos futbolistas e cerca de trinta persoas dos corpos técnicos.

▼ O 12 de agosto de 2015 o *Galicia de Mugardos* recibiu deste xeito ao Deportivo da Coruña na Pedreira.



Quen coñece e labora no asociacionismo de base e quer manter viva a actividade dunha entidade cultural, ecolóxica ou deportiva dunha vila e cidade sabe perfectamente que desgrazadamente non sobra capital humano (nen económico) no mundo asociativo.



▲ Antonio Martínez, Caco, é un dos maiores exemplos de implicación na vida dunha entidade social de toda a comarca.

técnicos. Sen o labor da Xunta Directiva, dos corpos técnicos de cada categoría e sen a implicación das familias que transportan as e os futbolistas sería imposible mantermos a nosa continua actividade deportiva.

Quero subliñar tamén, pois é un feito importante e exclusivo do noso clube, sinal identitario da nosa política deportiva, que a actividade deportiva da *S.D.C. Galicia de Mugardos* é totalmente gratuita.

REMATE

E vou acabando. É un remate de cabeza, esperemos que entre.

A primeira vez que acudín á casa do Concello pra facer unha xestión como Secretario do *Galicia*, presentei-me, e perguntei a unha funcionaría onde estaba o técnico deportivo do Concello. A resposta da inquirida foi: "Ti non és de Mugardos". Esa aldeanísima —na peor acepción deste termo— e odiada resposta, aínda a segue ouvindo este venidero. Reitero que Eu nen quería ser delegado nen moito menos ser Secretario. Todos e todas as mugardesas que puideron sé-lo, papás e mamás de futbolistas que xogan cos meus dous fillos, ou directivos e directivas, infelizmente non se postularon aos cargos. E precisamo-los. Sen a implicación dos papás e mamás non hai futuro: pechamos o clube.

Quen coñece e labora no asociacionismo de base e quer manter viva a actividade dunha entidade cultural, ecolóxica ou deportiva dunha vila e cidade sabe perfectamente que desgrazadamente non sobra capital humano —nen económico— no mundo asociativo. Fai falta xente para traballar no *Galicia de Mu-*

gardos. Fai falta xente para traballar pola vida social de Mugardos. Fai falta xente que se asocie e colabore humana e/ou economicamente no tecido asociativo mugardés, aínda que non teña pedigree mugardés. Todos e todas os que veñan a somar no asociacionismo benvidos e benvidas son. E aínda que non podas dar unha axuda, mais che interesa e queres que a vida social da vila estexa viva, asocia-te! Colabora economicamente coas entidades mugardesas. Eu son sócio, dentre moitas entidades galegas, do *Clube do Mar*, dos *Pulpeiros BTT*, de *Betula Custodia do Bosque Atlántico* e, fica claro, de *Apelón Educación*.

No pasado mes de Xuño, a *S.D.C. Galicia de Mugardos* renovou a súa Xunta Directiva, entre os seus diversos cargos, agora ten un Presidente; unha Vice-Presidenta —neta do Vicepresidente do *Galicia*, Pepin Díaz Bravo— e un Secretario ferrolás, que aman o *Galicia de Mugardos*, persoas que vimos traballando xa fai anos no clube e seguiremos a traballar pra darmos continuidade histórica ao proxecto social e deportivo do *Galicia de Mugardos*. Esperamos e queremos o voso apoio humano —e económico—. Por favor, asocia-te! ¶

Nos Casás, Meá, Xuño de 2022.

SUITE FRANCESA

Irene Nemirovski

SALAMANDRA

Unha novela de fonda actualidade, pese a narrar a ocupación de Francia polo exército nazi e ser escrita en 1941. Nemirovski tece unha novela fermosa salpicada de ironías que lle dan un aire lixeiro e moi agradable de ler, destacando, en contraste, a profunda dor, a inxustiza e a falta de humanidade á que as persoas podemos chegar en determinados momentos. A narración con personaxes de vidas paralelas mostra que a diferenza entre clases sociais tamén se mantén nos momentos máis difíciles.

Por Francisca Pérez Bouza.

QUÉROTE CANTO

Eva Veiga e Baldo Ramos

EDITORIAL GALAXIA

Nace da reclusión dos dous autores no Mosteiro de Oseira (Ourense) durante tres días de agosto. Sen contacto co mundo exterior e sen compartir experiencias, dedicáronse a escribir dende un mesmo espazo compartido (o silencio). O resultado é este libro de case dúascentas páxinas.

Malia estar escrito a catro mans, resulta un poemario moi homoxéneo e harmónico, as voces dos autores fúndense nunha soa. Son poemas breves (ás veces un único verso) escritos en verso libre, sen signos de puntuación.

Recomendábel para os amantes da poesía, aínda que tamén é apto para os que se inicien nela.

Por Miguel Rodríguez Pena

SIERVOS DE TINTA

Pablo Rañales

VALHALLA EDICIONES

A ópera prima de Pablo Rañales é un thriller literario de tintes fantásticos. Pablo Rañales narra neste libro unha historia na que mestura realidade e fantasía, amor e desamor, poder e corrupción nunha trama con continuas referencias literarias. *Siervos de tinta* é literatura dentro da literatura cunha pinga de misterio. Moi recomendable.

Por Gabriela Sánchez Cortizas.

ROMANZA DE LOS NARANJOS EN FLOR

Juan Galán

LETRAME

Conta unha historia que transcorre durante a Guerra Civil española. É unha combinación de novela histórica e novela de intriga. Atopamos varias voces narrativas, con saltos no tempo cara a adiante e cara atrás. A novela conta a historia de dous personaxes, Alfonso Castro Weiss, falanxista coruñés, avogado e fillo de republicano nado en Ferrol, e Miguel Artimes Chaira, violinista ovetense afiliado á C.N.T. As súas vidas acaban por confluír no campo de concentración do Mosteiro de Oia (Pontevedra). Ademais de describir a dureza das condicións carcelarias, na novela tamén hai espazo para o amor, a música, a solidariedade, o humor e a amizade.

Por Juan Luis Iglesias Núñez.

DARÍO A DIARIO

Xela Arias

XERAIS

É un libro de poemas que Xela dedica ao seu fillo, que ofrece unha visión desidealizada e ao tempo fonda e entrañable da experiencia da maternidade. Non son de ler poemas, pero este libro paga a pena.

Por Juan Fernández Ameneiro.

PASABA POR ALÍ E QUEDEI UN INTRE



Xoán Rubia

EDITORIAL GALAXIA

O noso veciño e colaborador, Xoán Rubia, está considerado un dos nomes importantes da música galega e unha das voces de referencia dende finais dos anos sesenta. Neste libro, Rubia repasa unha vida dedicada a poñer voz a temas que todos temos cantado algunha vez. Debuxa tamén un retrato dunha época apaixonante no noso país. A historia de alguén que pasaba por aquí e decidiu quedar.

Por Javier García Dieste

SUGERENCIAS LECTORAS





Rede do
Patrimonio
Cultural



Concello de
Mugardos



Deputación
DA CORUÑA